# Eleccións Xerais 2008

## PROGRAMA ELECTORAL

# Índice


**I. REFORZAR O BNG PARA SER MÁIS DECISIVOS NAS CORTES....................................4**

**I.1. UNHA FORZA DECISIVA PARA A DEFENSA DOS INTERESES DE GALIZA....................................6**

**I.2. MÁIS FORZA PARA AFONDAR NO AUTOGOBERNO E CONSEGUIR UN ESTATUTO DE NACIÓN....................................7**

**I.3 MÁIS FORZA PARA DEFENDER O DEREITO DE GALIZA A PRODUCIR E DOS GALEGOS E GALEGAS A VIVIR NA PROPIA TERRA....................................8**

**I.4 MÁIS FORZA PARA AVANZAR NOS DEREITOS E LIBERDADES CÍVICAS E NO BENESTAR SOCIAL....................................9**

**I.5 MÁIS FORZA PARA ASENTAR UN ESTADO PLURINACIONAL.............10**

**I.6 MÁIS FORZA PARA IMPULSAR UNHA POLÍTICA INTERNACIONAL FUNDAMENTADA NO PACIFISMO E NO ANTIIMPERIALISMO...................12**

**II. O AVANZO NO AUTOGOBERNO E A DEFENSA DUN ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA...................................... .......................................13**

**II.1 O AVANZO NO AUTOGOBERNO NO MARCO VIXENTE........................13**

**II.2 A DEFENSA DUN NOVO ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA.........15**

**II.3 AVANZANDO NA SOBERANÍA FINANCEIRA DE GALIZA......................17**

II.3.1 Financiamento autonómico............................................................17

II.3.2 Financiamento local......................................................................18

**III. O AVANZO CARA UN ESTADO PLURINACIONAL..................................21**

**III.1 A REFORMA DO SENADO....................................................................21**

**III.2 A REFORMA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL..................................23**

**III.3 UN SISTEMA DE PENSIÓNS QUE RESPONDA AO MODELO DE ESTADO PLURINACIONAL...........................................................................24**

**III.4 GALIZA NA UNIÓN EUROPEA...............................................................25**

**III.5 CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL PROPIA AO PARLAMENTO EUROPEO..........................................................................................26**

**IV. AS PROPOSTAS POLÍTICAS DO BNG NO ESTADO...............................28**

**IV.1 POLÍTICAS SOCIAIS.............................................................................28**

IV.1.1 Política laboral e de fomento do emprego..................................28

IV.1.2 Protección social........................................................................31
IV.1.3 Servizos sociais...........................................................................32
IV.1.4 Outras propostas de política social.............................................33
IV.1.5 Sanidade......................................................................................34
IV.1.6 Vivenda........................................................................................35
IV.1.7 Igualdade.....................................................................................37
IV.1.8 Mocidade.....................................................................................40
IV.1.9 Emigración e Inmigración...........................................................40
**IV.2 POLÍTICA EDUCATIVA, LINGüÍSTICA E CULTURAL...........................43**
IV.2.1 Educación non universitaria........................................................43
IV.2.2 Universidade...............................................................................44
IV.2.3 Cultura.........................................................................................46
IV.2.4 Lingua..........................................................................................48
IV.2.5 Deporte........................................................................................50
**IV.3 POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL...............................................................51**
VI.3.1 Mellora ambiental de Galiza........................................................51
**IV.4 POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE..........................52**
IV.4.1 Ferrocarrís...................................................................................53
IV.4.2 Estradas......................................................................................55
IV.4.3 Aeroportos...................................................................................55
IV.4.4 Portos..........................................................................................56
IV.4.5 Tráfico marítimo..........................................................................57
**IV.5 POLÍTICA DE SEGURANZA E XUSTIZA................................................58**
IV.5.1 Seguranza cidadá.......................................................................59
IV.5.2 Seguranza viaria.........................................................................60
IV.5.3 Xustiza.........................................................................................61
IV.5.4 Forzas Armadas..........................................................................62
**IV.6. POLÍTICA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.....................63**
IV.6.1 Política industrial activa..............................................................63
IV.6.2 Promoción das políticas de I+D+i..............................................64
IV.6.3 Impulso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.........................................................................................65
IV.6.4 Política enerxética.......................................................................67
IV.6.5 Turismo.......................................................................................68
IV.6.6 Comercio.....................................................................................69
IV.6.7 Medio rural..................................................................................69
IV.6.8 Pesca...........................................................................................74
**IV.7 POLÍTICA FISCAL E ORZAMENTARIA..................................................78**
IV.7.1 Sistema fiscal..............................................................................78
IV.7.2 Política orzamentaria..................................................................80
**IV.8 POLÍTICA INTERNACIONAL.................................................................81**

# I. REFORZAR O BNG PARA SER MÁIS DECISIVOS NAS CORTES

As vindeiras eleccións estatais vanse celebrar nun contexto crucial para o futuro do Estado español e da súa configuración territorial, e polo tanto, de vital importancia para os nosos intereses e aspiracións como nación. Galiza necesita ter máis peso e capacidade para defender os seus dereitos, intereses e a capacidade de autorresponsabilizarse de si mesma, e a experiencia demóstranos que, para tal fin, so unha forza política galega propia como o BNG, sen ningún tipo de obediencia estatal, é quen de garantir que Galiza forme parte da primeira liña do debate político do Estado e de influír de xeito determinante nas políticas estatais en favor dos intereses e necesidades do país.

A pasada lexislatura demostrou que, nunha situación sen maiorías absolutas, o nacionalismo galego é a ferramenta imprescindíbel para que Galiza avance nos seus intereses e no seu autogoberno:

- Foi o BNG que estabeleceu a esixencia de que o investimento do Estado en Galiza en materia de infraestruturas representase como mínimo o 8% do total estatal e os investimentos superasen, en termos absolutos, os 2000 millóns de Euros de inversión para Galiza no 2008. Ademais, a aceptación de emendas do BNG significaron incrementos de 200 millóns de euros máis para Galiza sobre as previsións iniciais dos Orzamentos Xerais do Estado dos últimos tres anos.

- Foi tamén á acción política do BNG nas Cortes Xerais a que conseguiu desbloquear a transferencia de nove competencias de gran importancia para que Galiza siga a desenvolver o seu autogoberno, ademais de comprometer ao partido do actual goberno, no apoio á demanda da delegación de competencias a Galiza en materia de tránsito e seguridade viaria.

O Nacionalismo galego vive o seu mellor momento político. O BNG ten nestes intres a maior representatividade, e maior presenza institucional e incidencia social da súa historia. É o momento de dar un paso cara adiante, de acadar obxectivos máis ambiciosos. Polo tanto, o obxectivo que se propón o BNG para a vindeira lexislatura é ser decisivos nas Cortes para o ben de Galiza.

Nun contexto sen maiorías absolutas, a busca da conformación de maiorías parlamentares para aprobar as diferentes iniciativas será unha constante. O BNG debe acadar o aval suficiente nas urnas para ter unha posición que lle permita condicionar as decisións do Goberno estatal, a través dunha reivindicación e negociación construtiva e esixente.

O BNG usará a súa capacidade decisoria dun xeito construtivo e positivo, poñendo en primeiro plano a defensa e os intereses de Galiza, pero sen esquecer o firme compromiso con políticas de carácter social, en favor das maiorías sociais e das clases populares, así como o aliñamento cunha política internacional baseada no respecto entre os pobos e a paz. En concreto, o

BNG porá como condición, para dar soporte parlamentar ao Goberno, a asunción dun compromiso efectivo coas seguintes orientacións e propostas:

- Avanzar no deseño dun novo marco institucional máis acorde coa realidade plurinacional do Estado, freando calquera proceso de involución democrática, recentralización ou de invasións competenciais.

- Impulsar o autogoberno de Galiza, levando a efecto novas transferencias, especialmente as de tráfico e seguridade viaria e a de salvamento marítimo.

- Garantir, nos Orzamentos Xerais do Estado, o actual ritmo inversor en Galiza, non permitindo que este sexa inferior ao 8% da inversión estatal en infraestruturas.

- Impulsar a consolidación do sector da construción naval galega, recuperando o estaleiro de Fene para a construción naval civil.

- Posibilitar que Galiza poda deseñar unha política enerxética propia, no eido das enerxías renovábeis e a enerxía eólica en particular, garantindo que se acade o obxectivo de 6500 MW de potencia autorizada en Galiza no ano 2012 no ámbito terrestre, e que Galiza teña as competencias efectivas para outorgar autorizacións administrativas das instalacións, con independencia da potencia instalada.

- Posibilitar que Galiza poda desenvolver a súa capacidade produtiva no sector leiteiro, renegociando a cota asignada ao Estado español na UE e retornando aos criterios do Plan Lácteo do 2005 para o reparto da cota sobrante.

- Reformar a Lexislación electoral de xeito que o número de escanos por provincia se estableceza sobra a base do censo electoral e non da poboación de dereito, se regule o alcance do dereito ao sufraxio dos residentes ausentes, e se modifique o actual procedemento de votación homologándoo ao do interior.

- Reformar o Sistema de Financiamento das Comunidades Autónomas, de xeito que garanta a autonomía e suficiencia financeira para Galiza, e posibilite a creación dunha Axencia Tributaria Galega para a xestión de tódolos tributos recadados en Galiza.

- Articular políticas sociais e económicas en favor das maiorías sociais e das clases populares, apostando pola calidade e a estabilidade do emprego, a mellora dos servizos públicos e das prestacións sociais e a extensión de novos dereitos.

- Impulso dunha política internacional en favor da igualdade dos pobos e da paz.

## I.1. UNHA FORZA DECISIVA PARA A DEFENSA DOS INTERESES DE GALIZA

A presenza do BNG nas Cortes do Estado garantiu o debate e tratamento dos problemas de Galiza como nunca se tiña feito até o momento. Pódese afirmar que, desde que o BNG ten presenza nas Cortes Xerais, Galiza non estivo ausente, anulada e silenciada, como durante todos os anos en que, basicamente, só foran elixidos deputados e deputadas de partidos de ámbito estatal. Ao longo de case 20 anos o Congreso e o Senado viviron e actuaron de costas a Galiza, por mor do silencio de quen debera representala. Neste sentido, se analizamos e avaliamos os debates e iniciativas parlamentares do período 1996-2008 a respecto de Galiza e os contrastamos cos habidos entre 1977-1996 demostrase de forma contundente que o BNG é a única garantía da existencia do noso país, dos seus problemas e reivindicacións na política estatal.

Desde o ano 1996, en que o BNG accedeu ás Cortes do Estado, Galiza tivo voz propia en Madrid. O BNG, consciente de que o actual reparto competencial existente no Estado determina que a solución ou a atención a moitos problemas de todo tipo –cultural, lingüístico, social, económico, de infraestruturas e servizos no noso país–, dependa de decisións políticas ou actitudes da Administración Central, protagonizou en exclusiva a defensa das cuestións que atinxen a Galiza nas Cortes Xerais, impulsando e premendo para que distintos colectivos de traballadores e traballadoras, entre eles os autónomos e os/as traballadores/as do mar, melloraran as súas coberturas sociais, o mesmo que os cidadáns emigrados en Europa e América. Do mesmo xeito, o BNG traballou, contra vento e marea, facendo un seguimento continuo da aplicación da legalidade lingüística vixente para que organismos como os Rexistros Civís e Mercantís, a Administración de Xustiza, AENA, e os distintos organismos ministeriais na Galiza respectasen esa legalidade, defendendo sempre os dereitos lingüísticos dos utentes do noso idioma, que padecen en moitos casos discriminacións contrarias aos dereitos humanos máis elementais.

Mais tamén houbo moitas deficiencias, retrasos, problemas de infraestruturas que o BNG axudou a solucionar ou, cando menos, a atender, influindo na acción do Goberno Central coa súa actividade parlamentar en Madrid. Podemos dicer, en definitiva, que nada hai que afecte a vida material de Galiza que non sexa obxecto da nosa preocupación, até o extremo de que podemos afirmar que, en termos relativos, e tendo en conta a representación do BNG, a problemática do noso país é a que tivo maior presenza cuantitativa no Congreso dos Deputados.

Este traballo, iniciado no 1996, tivo continuidade na lexislatura 2004-2008, onde o BNG levou adiante nas Cortes Xerais múltiples iniciativas en defensa dos intereses de Galiza , conseguindo avances significativos en moitos deles. Son de salientar, neste sentido, iniciativas como a defensa da construción civil naval en Navantia-Fene, das actuacións en infraestruturas ferroviarias con avances cualitativos como nos tramos Lubían-Ourense, Ferrol-A Coruña e a saída sur de Vigo, da mellora dos servizos ferroviarios de longo percorrido con

orixe e destino en Galiza, da mellora dos servizos do FEVE en Galiza, da participación de Fomento na construción da autovía Ferrol-Vilalba, da mellora de diversas estradas de competencia estatal situadas en Galiza, ou da construción das depuradoras de Augas Residuais nas rías galegas. En definitiva, o BNG continuou sendo a expresión da vontade cívica de Galiza de existir e defender os seus intereses no Estado.

Mais tamén, na lexislatura 2004-2008, o BNG ten propiciado que se invertise unha tendencia que condenaba a Galiza a resignarse a ter un papel secundario na distribución dos investimentos estatais, deste xeito, o BNG conseguiu para Galiza 200 millóns adicionais nos 3 últimos orzamentos xerais do Estado, e conseguiu para Galiza o 8% do investimento estatal en infraestruturas nos Orzamentos para o 2008, forzando ao goberno central a superar o listón de 2.000 millóns de euros de investimento en Galiza.

Esta defensa dos intereses de Galiza, veu acompañada dunha acción política nas Cortes Xerais a prol das maiorías sociais, dos dereitos e liberdades democráticas, e da fundamentación da democracia política no benestar e a xustiza social. Neste sentido as aportacións do BNG conseguiron mellorar, entre outros, proxectos de lei de enorme transcendencia como a reforma da Lei do Divorcio, a lei sobre o matrimonio homosexual, a Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a Lei de Dependencia.

## I.2. MÁIS FORZA PARA AFONDAR NO AUTOGOBERNO E CONSEGUIR UN ESTATUTO DE NACIÓN

Galiza precisa dunha forte e determinante presenza do BNG nas Cortes Xerais do Estado, que complemente e apoie ao goberno galego na defensa do avance no autogoberno e na consecución dun Estatuto de Nación para Galiza.

Esta acción conxunta do BNG desde o goberno galego e as Cortes Xerais do Estado ten comezado a conseguir avanzos en materia de autogoberno, como o demostra o desbloqueo, durante a última lexislatura, da transferencia de varias competencias incluidas no actual texto estatutario.

Alén disto, a acción política do BNG nas Cortes Xerais tense caracterizado pola defensa dunha articulación do Estado español de xeito verdadeiramente democrático, cunha estrutura institucional que recoñeza o seu carácter diverso, plurinacional, plurilingüe e pluricultural. Para elo, é necesario avanzar no autogoberno de Galiza, dotándonos dun Novo Estatuto de Nación.

Polo tanto, o obxectivo fundamental do BNG na vindeira lexislatura será o impulso da aprobación polo Parlamento Galego dun Estatuto de Nación para Galiza, defendendo que na súa tramitación e aprobación polas Cortes Xerais do Estado non se produzan recortes ou rebaixas, un Estatuto de Nación que supere as ambigüidades da actual distribución de competencias que se colixe da Constitución e un Estatuto e que dea resposta á  necesidade de superación do modelo de descentralización homoxéneo que se foi instaurando no Estado español, a fin de dar paso a unha nova estruturación do Estado onde a

condición de nación de Galiza teña pleno recoñecemento, permitindo avanzar na dotación a Galiza dun novo estatus dentro do Estado español. Isto implicará avanzar cara un modelo que recoñeza a Galiza capacidade de decisión política plena, para que poida gozar de poder político nas áreas que se refiren ao desenvolvemento económico, benestar social, ordenación do territorio, lingua, cultura, patrimonio e institucións propias. Mais para isto é preciso que o BNG conte cunha forte presenza nas Cortes Xerais, o que lle permitirá ser decisivo e condicionar a política do Estado en función dos intereses de Galiza.

En canto no se aprobar o Novo Estatuto de Nación, o BNG pulará por avanzar no desenvolvemento do actual marco estatutario reclamando, en primeira instancia, as competencias recoñecidas no Estatuto e que aínda non foron transferidas polo Estado. Continuando deste xeito na liña que permitiu que o BNG conseguise o desbloqueo das transferencias de competencias como a potestade para expedir títulos non universitarios, a xestión das bolsas de estudos, do Hospital Naval de Ferrol, e do Parque das Illas Atlánticas, ou a cesión do castelo de Monterrei, a cesión de varios museos, entre os que se atopa o das Belas Artes da Coruña e o Castro de Vilalonga, a transferencia do Arquivo do Reino de Galicia, na Coruña; do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e do Arquivo Histórico Provincial de Ourense; das Bibliotecas Públicas da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, ademais de acordar os termos para o traspaso da Inspección de Traballo, así como a autorización á Xunta a usar o 065 para o servizo de transporte público de persoas dependentes.

O BNG terá como obxectivo nas Cortes Xerais, avanzar no autogoberno tanto coa transferencia de todas as competencias contempladas no actual estatuto como coa transferencia ou delegación de competencias por vía extraestatutaria, seguindo o procedemento de atribución competencial previsto no artigo 150.2 CE.

## I.3 MÁIS FORZA PARA DEFENDER O DEREITO DE GALIZA A PRODUCIR E DOS GALEGOS E GALEGAS A VIVIR NA PROPIA TERRA

Galiza está tendo un crecemento económico maior que a media estatal e europea. Galiza é un pais con grandes posibilidades e potencialidades económicas, que precisa exercer plenamente a súa vontade de desenvolverse de xeito endóxeno e autocentrado. Para tal fin, precisamos que as políticas deseñadas no Estado Español non impidan o desenvolvemento da nosa base produtiva e dos sectores estratéxicos do país.

Así, foi unha constante do BNG a permanente defensa do dereito de Galiza a producir, tal e como quedou plasmado na pasada lexislatura, posto que, a iniciativa do BNG, téñense suscitado no Congreso e no Senado debates sobre o noso dereito a producir e a un desenvolvemento autocentrado, esixindo, entre outras medidas, a articulación dun plan para a reindustrialización de diversificación produtiva da comarca de Ferrolterra; o mantemento de emprego en IZAR; a solución para os traballadores das empresas auxiliares de carbón

de Meirama e As Pontes, unha vez que estas pechen; e preguntando sobre as motivacións que impulsaron o cambio de criterios no reparto da cota excedente no 2006 ou sobre o futuro do actual cadro de persoal de Santa Bárbara.

Ademais, o BNG ten impulsado nas Cortes Xerais a aprobación de diferentes iniciativas de xeito directo coa defensa dos sectores produtivos do país, destacamos as seguintes, nas cales que se instou ao Goberno a:

- Que se superen as actuais limitacións á construción naval civil nos estaleiros galegos de Navantia e que se dote ao estaleiro Navantia-Fene de carga plena e efectiva de traballo, garantíndose unha carteira estábel de pedidos.

- Que se superasen os atrancos á produción de enerxía eólica, establecendo coas Comunidades Autónomas os obxectivos de potencia eólica instalada; instando a solicitar un informe preceptivo vinculante do Goberno autonómico correspondente para a instalación de parques eólicos marítimos e dos parques eólicos de potencia superior a 50MW.

- Territorializar e transferir o Fondo Tecnolóxico ás Comunidades Autónomas que son obxecto das políticas europeas de cohesión para I+D.

Polo tanto, na vindeira lexislatura será unha prioridade política do BNG impulsar nas Cortes Xerais a defensa dos sectores produtivos galegos, así como o dereito dos galegos e galegas a vivir na propia terra. Levaremos a cabo estes obxectivos a través da proposta dunha política industrial activa, e non permitindo inxerencias estatais nos ámbitos de competencia exclusiva da nosa nación. O BNG usará a súa forza en Madrid para impedir calquera tentativa de carácter centralista que impida ou limite o desenvolvemento dos sectores produtivos de Galiza, de xeito que sectores estratéxicos para a nosa economía, como o naval, o sector eólico ou o leiteiro non vexan limitadas as súas grandes potencialidades por mor de decisións foráneas.

## I.4 MÁIS FORZA PARA AVANZAR NOS DEREITOS E LIBERDADES CÍVICAS E NO BENESTAR SOCIAL

Unha forte presenza do BNG en Madrid será garantía da defensa de alternativas avanzadas socialmente, prestando unha especial atención a aquelas medidas que contribúan a pór fin e corrixir as situacións de inxustiza social e desigualdade aínda existentes na nosa sociedade, así como garantir o desenvolvemento e desfrute dos dereitos inherentes ao libre desenvolvemento da personalidade, a mellora do benestar social e o respecto ao carácter laico do Estado Español.

Desde a súa chegada ás Cortes Xerais, o BNG ten defendido iniciativas no Estado para garantir a igualdade legal de todas as relacións afectivas. Así, o BNG propuxo recoñecer os matrimonios homosexuais, mesmo antes da aprobación da reforma legal que recoñece e regula o matrimonio entre persoas

do mesmo sexo. Mais non todo está feito, por iso o BNG defenderá o impulso dunha cultura que fomente o libre desenvolvemento afectivo das persoas, erradicando os prexuízos que seguen presentes cara as persoas de condición homosexual.

Outra mostra do compromiso do BNG coas políticas que avancen no desenvolvemento dos dereitos e liberdades, foron as melloras introducidas no texto da Lei Orgánica para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, mediante emendas presentadas ao mesmo polo BNG no Congreso e no Senado.

Mais o pobo galego precisa dunha forte presenza do BNG nas Cortes Xerais para seguir avanzando no recoñecemento dos dereitos e liberdades cívicas, configurando un marco legal que permita o seu pleno exercicio en condicións de igualdade. Con esta finalidade, o BNG defenderá a despenalización do aborto, mediante a elaboración dunha lei de prazos que garanta o dereito das mulleres a decidir libremente a interrupción do voluntaria do embarazo e que aporte seguridade xurídica tanto ás mulleres como ás e aos profesionais sanitarios, así como a despenalización da eutanasia activa para casos diagnosticados como enfermidade terminal e irreversíbel.

Ademais, o BNG seguirá defendendo a mellora do benestar social e das condicións económicas das maiorías sociais, aspectos nos que ten contribuído cualitativamente na pasada lexislatura, usando a súa capacidade decisiva para fornecer aportacións que melloraron diferentes textos lexislativos, entre os que podemos citar a lei de Dependencia, o Estatuto Básico do Empregado Público, o de medidas en materia de Seguridade Social, o Estatuto do Traballador Autónomo, ou a lei de protección de consumidores e usuarios.

Un BNG forte en Madrid será garantía de impulso de melloras no benestar social das maiorías sociais. Así, defenderemos o incremento das pensións, dun emprego digno e estábel, de políticas redistributivas en prol da poboación de menor renda.

Finalmente, o BNG defenderá o respecto á aconfesionalidade do Estado español recoñecida pola Constitución, que sitúa as crenzas relixiosas na esfera da conciencia íntima das persoas, sen acoller a identificación de ningunha relixión coa actividade do Estado. Con este obxectivo promoverase a revisión dos Acordos do Estado Español coa Santa Sede, que seguen a recoñecer á Igrexa e á doutrina católicas (no ensino, no seu réxime económico e fiscal, na súa presenza nas forzas armadas e outros servizos públicos) un rol incompatíbel coa determinación constitucional da aconfesionalidade do Estado, ao estabelecer uns privilexios e ámbitos de decisión autónomos alleos ao control dos poderes públicos.

## I.5 MÁIS FORZA PARA ASENTAR UN ESTADO PLURINACIONAL

Que o Estado Español recoñeza xurídica e institucionalmente o seu carácter plurinacional, pluricultural e plurilíngüe é obxectivo básico do nacionalismo galego. Así, paralelamente á demanda dun Novo Estatuto de Nación para

Galiza, promoveremos diferentes medidas e reformas, de xeito que a arquitectura xurídica e política do Estado sexa máis acorde coa nosa identidade. Son as que enumeramos a continuación.

Para o BNG, cómpre unha fonda reforma do Senado, co obxectivo de que sexa unha verdadeira cámara de representación das diferentes nacións e rexións do Estado. Así, o BNG propón que os senadores sexan designados polos Parlamentos autonómicos. A proposta contempla tamén a ampliación das iniciativas lexislativas cuxo procedemento debe iniciarse no Senado. Do mesmo xeito, propoñemos que se inicien nesta cámara o procedemento de ratificación de Tratados e Convenios Internacionais, así como as proposicións de lei dos Parlamentos Autonómicos. A nosa proposta tamén recolle a posibilidade de que os senadores das Comunidades Autónomas que teñen un "feito diferencial" poidan elaborar informes preceptivos ou presentar recurso de inconstitucionalidade, cando un proxecto ou proposición de lei afecta ao mesmo, ademais, neste caso, recoñecerase o dereito de veto aos senadores das Comunidades Autónomas a condición de que representen polo menos a dous terzos dos senadores desa Comunidade.

Urxe tamén unha reforma do Tribunal Constitucional de xeito que a súa composición, competencias e ámbitos de actuación sexan acordes coa plurinacionalidade do Estado. O Tribunal Constitucional ten que adaptarse ao carácter composto do Estado, no que a potestade lexislativa se reparte entre as Cortes Xerais e os Parlamentos Autonómicos, non podendo actuar ao servizo dunha parte, como sucede, de facto, na actualidade  Polo tanto, o BNG propón a súa reforma en base aos seguintes criterios:

- Reforzamento da composición mixta (Estado-CCAA), e do seu carácter arbitral.
- Equiparación da posición do Estado e das Comunidades en relación ao efecto do recurso ou conflito sobre a vixencia da norma impugnada.
- Ampliación do ámbito de actuación do TC na defensa das competencias autonómicas
- Ampliación dos suxeitos ou grupos -deputados ou senadores- lexitimados para a interposición de recursos de inconstitucionalidade.

Para que o sistema de pensións responda a un modelo máis acaído co carácter plurinacional do Estado, o BNG demandará que se cumpra o establecido no vixente Estatuto de Autonomía de Galiza, que contempla expresamente como competencia autonómica o desenvolvemento e a execución da lexislación estatal e a xestión do réxime económico da Seguridade Social.

Impulsaremos que o galego sexa lingua oficial na Unión Europea, e fomentaremos a participación de Galiza nas institucións europeas, levando a cabo, entre outras, as seguintes medidas: demandaremos a presenza de conselleiros autonómicos en máis Consellos de Ministros sectoriais; instaremos ao establecemento de mecanismos de consulta previa á Xunta de Galiza en relación ás reunións do Consello Europeo que traten sobre materias que afecten ao ámbito competencial da nosa nación; dende o BNG defenderemos tamén a lexitimación directa das institucións galegas ante o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, cando os nosos intereses ou as

competencias exclusivas se vexan afectadas por medidas tomadas polas institucións europeas ou polo Estado; impulsaremos que o goberno galego poida ser receptor directo dos fondos comunitarios que se xestionen no ámbito das súas propias competencias, así como a súa participación e xestión na elaboración e aprobación de plans e programas que poidan beneficiar a Galiza.

Por último, o BNG considera fundamental a creación dunha circunscripción electoral propia para as eleccións ao Parlamento Europeo, polo que promoveremos nas Cortes Xerais a reforma legal necesaria. Deste xeito o Estado Español equipararase a varios Estados membros da Unión Europea, onde o territorio estatal se divide en diferentes circunscricións electorais para as eleccións ao Parlamento Europeo.

## I.6 MÁIS FORZA PARA IMPULSAR UNHA POLÍTICA INTERNACIONAL FUNDAMENTADA NO PACIFISMO E NO ANTIIMPERIALISMO

O BNG sempre se caracterizou pola defensa da democracia e a igualdade nas relacións internacionais, da eliminación da pobreza e a promoción dun desenvolvemento solidario e máis equitativo, da paz, do antiimperialismo e do dereito dos pobos a decidir libremente o seu futuro.

Na pasada lexislatura, o BNG plasmou estes compromisos con iniciativas tales como o apoio á retirada das tropas españolas no Iraq. Así, o BNG promoveu a aprobación no Congreso dunha proposición non de lei na que se condenaba as torturas aos cidadáns iraquís por parte das potencias ocupantes. Ao tempo, posicionámonos en contra do envío de tropas a Haití e solicitamos en reiteradas ocasións a retirada das tropas despregadas no Afganistán e denunciando os ataques de Israel contra o Líbano e Palestina.

Polo tanto, que o nacionalismo galego teña máis forza en Madrid é a mellor forma de contribuír a que o Estado español se aliñe coa paz, coa convivencia entre nacións, desde a defensa da libre determinación dos pobos, co seu dereito a controlar as súas riquezas, nun marco de legalidade baseado na igualdade e na xustiza e non na actuación unilateral, prepotente e agresiva dunha grande potencia. Así, na vindeira lexislatura, o BNG continuará a esixir a retirada das tropas españolas de Afganistán e do Iraq, impulsará a diplomacia e a multilateralidade nas relacións internacionais e demandará a democratización das Nacións Unidas.

# II. O AVANZO NO AUTOGOBERNO E A DEFENSA DUN ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA

## II. 1 O AVANZO NO AUTOGOBERNO NO MARCO VIXENTE

Historicamente Galiza sufriu unha clara limitación no seu autogoberno, restrinxíndose o nivel de decisión política das nosas institucións, ao se aplicaren desde o Goberno central políticas claramente invasivas do xa minguado ámbito competencial autonómico, aproveitándose da indeterminación do reparto constitucional.

Mais a presenza do BNG no goberno galego, xunto cunha acción política determinante nas Cortes Xerais do Estado, ten comezado a frear esa tendencia, de xeito que o BNG ten conseguido o desbloqueo das transferencias de competencias contempladas no Estatuto vixente tais como: a potestade para expedir títulos non universitarios, a xestión das bolsas de estudos, do Hospital Naval de Ferrol, e do Parque das Illas Atlánticas, a cesión do castelo de Monterrei, a cesión de varios museos, entre os que se atopa o das Belas Artes da Coruña e o do Castro de Vilalonga, a transferencia do Arquivo do Reino de Galicia, na Coruña; do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e do Arquivo Histórico Provincial de Ourense; das Bibliotecas Públicas da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, ademais, de acordar os termos para o traspaso da Inspección de Traballo, así como a autorización á Xunta a usar o 065 para o servizo de transporte público de persoas dependentes.

O BNG na próxima lexislatura das Cortes Xerais seguirá a manter unha posición activa de defensa do autogoberno, que irá acompañada da defensa dos intereses de Galiza na súa acción política desde o goberno galego, co obxectivo de incrementar a capacidade de incidirmos de xeito determinante na base produtiva e nos sectores estratéxicos para desenvolver unha promoción económica e do emprego axeitadas ás nosas necesidades; exercer a dirección, xestión e organización dos servizos públicos que forman parte da estrutura do estado do Benestar; poder organizar, promocionar e estruturar sen interferencias os sinais identificativos da nosa condición de nación, como son a lingua, cultura ou patrimonio; poder deseñar e impulsar a execución da nosa ordenación territorial para dar resposta a un crecemento harmónico, equilibrado e sostíbel; articular a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza de forma xenuína; e dotarnos dun modelo de financiamento que garanta a suficiencia e a autonomía financeira.

O deficiente grao de cumprimento do actual Estatuto de Autonomía fai que avoguemos por impulsar o seu desenvolvemento por medio dunha interpretación máis extensiva do mesmo, reclamando, en primeira instancia, o resto das competencias recoñecidas no Estatuto e que aínda non foron transferidas polo Estado, así como, por outra banda, acudir ao procedemento

de atribución competencial previsto no artigo 150.2 CE que permite transferir ou delegar libremente facultades competenciais estatais por Lei Orgánica, constituíndo a vía idónea para a asunción por Galiza de competencias inicialmente atribuídas en exclusiva ao Estado polo artigo 149.1 CE, como é o caso das relativas ao tráfico e seguranza viaria.

Xa que logo, o BNG considera fundamental, no camiño de atinxir maiores cotas de decisión polos poderes públicos galegos, diminuir a estrutura orgánica da Administración do Estado en Galiza, estabelecer un novo marco de relacións bilaterais Galiza-Estado, así como adentrarse no catálogo de competencias reservadas ao Estado, por medio da transferencia ou delegación a Galiza das competencias, o que contribuirá a situar nas institucións galegas maiores facultades de decisión sobre asuntos chave para o noso país, para o que defenderá:

- A supresión da Administración periférica do Estado na Galiza, así como dos Ministerios de Cultura e Vivenda.

- O pulo a un proceso de reestructuración administrativa e de proceso continuo de transferencia á Xunta de Galiza dos medios e servizos persoais, materiais e financieros que ficarían liberados coa redución da aparataxe administrativa estatal.

- A conformación da actual Comisión Bilateral (Xunta-Estado), nun órgano político do máis alto nivel de diálogo e adopción consensuada de acordos entre a Administración do Estado e a Xunta de Galiza, á que se someterán previamente todas as propostas normativas e orzamentarias do Goberno do Estado que atinxan ao ámbito competencial galego.

- A progresiva asignación territorializada, no seo da Comisión Bilateral, á Xunta de Galiza de todos os fondos estatais, de xeito que sexa a Xunta de Galiza quen distribúa territorializadamente os mesmos consorte cos criterios que conxuntamente se determinen no seo da Comisión Bilateral.

- A transferencia das competencias lexislativas de fixación de circunscricións electorais nas eleccións locais, e das executivas de organización de todos os procesos electorais celebrados na Galiza.

- A aprobación e autorización por parte das institucións galegas das instalacións de redes básicas de gas e oleodutos que transcorran por Galiza; e asunción das funcións administrativas de autorización, supervisión e control que desempeña o Estado de refinerías e almacéns de hidrocarburos radicados na Galiza.

- A autorización polos órganos competentes de Galiza das liñas de transporte de enerxía eléctrica que transcorran no noso territorio, así como aprobación de todos os proxectos de centrais eléctricas que se sitúen na Galiza.

- A transferencia dos portos e aeroportos de interese xeral.

- A delegación nas institucións galegas das funcións de inspección das embarcacións marítimas e seguranza marítima na Galiza.

- A transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre, o traspaso dos medios da Demarcación de Costas do Estado en Galiza á Xunta.

- A transferencia das funcións que desempeña o Estado relativas á execución de obras hidráulicas de interese xeral.

- A delegación da execución da regulación sobre seguranza privada, realizándose dese Galiza as funcións administrativas de autorización, inspección, sanción e formación das empresas de seguranza privada.

- A transferencia de todas as competencias relacionadas co tráfico e a seguranza viaria. Alén das funcións de vixilancia e prevención que asumirá a Policía Galega, tamén debe completarse asunción integral da materia co traspaso de todos os servizos estatais relativos a documentación e matriculación de vehículos, sinalización e seguranza viaria, realización de exames, autorización e expedición de licenzas, recursos e sancións administrativas, taxas administrativas, etc.

- A transferencia das competencias en materia laboral, incluíndo a capacidade para ditar normas sobre as relacións de traballo, e todas as funcións que exercen o Instituto Nacional de Emprego, a Inspección de Traballo, o Fondo de Garantía Salarial (co oportuno traspaso deses organismos); así como a transferencia de toda a formación ocupacional, xestionando integramente desde Galiza os recursos destinados á promoción do emprego procedentes do Fondo Social Europeo.

- O traspaso de todos os centros educativos ou formativos situados na Galiza que aínda dependen da Administración Central.

- O traspaso a Galiza a xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza, territorializando as dotacións orzamentarias do Consello Superior de Deportes.

## II.2 A DEFENSA DUN NOVO ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA

O obxectivo fundamental do BNG será o impulso da aprobación polo Parlamento Galego dun Estatuto de Nación para Galiza, defendendo que nas Cortes Xerais non se produza un recorte do texto aprobado polo Parlamento Galego, un Estatuto de Nación que supere as ambigüidades da actual distribución de competencias que se colixe da Constitución e o Estatuto e que dea resposta á  necesidade de superación do modelo de descentralización homoxéneo que se foi instaurando no Estado español, a fin de dar paso a unha nova estruturación do Estado onde a condición de nación de Galiza sexa plenamente recoñecida e que permita avanzar na dotación a Galiza dun novo

estatus dentro do Estado español, para que Galiza, ademais de ostentar capacidade de decisión administrativa, poda gozar de poder político nas áreas que se refiren ao desenvolvemento económico, benestar social, ordenación do territorio, lingua, cultura, patrimonio e institucións propias.

Para o BNG, os aspectos básicos e irrenunciábeis do texto estatutario serán os seguintes:

- **O recoñecemento de Galiza como nación.**

- **O recoñecemento da oficialidade en pé de igualdade do galego:** O Estatuto recollerá o dereito de todos os galegos a usa a nosa lingua e o deber de coñecela, sen que ningúen poida ser discriminado por razón da lingua. Definirá o galego como lingua propia, de uso normal e preferente na Administración, nos medios públicos de comunicación e no ensino nos termos que a lei determine. A lei regulará o seu uso no ensino garantindo a normalización e a ausencia de discriminación. O galego é a lingua oficial e o castelán é cooficial. As institucións garantirán a promoción e a defensa do galego.

- **A regulación dos dereitos e deberes da cidadanía:** O Estatuto recollerá unha carta de dereitos e deberes dos/as cidadáns galegos.

- **O estabelecemento dun ámbito competencial reforzado para Galiza:** O Estatuto de Autonomía, como norma que define a distribución do poder político na Galiza, incorporará competencias importantes para o desenvolvemento do país esquecidas no anterior proceso estatuínte, incorporando un teito competencial acorde co seu caracter nacional, establecendo cláusulas de salvagarda das competencias exclusivas e impulsando as fórmulas de xestión cooperativa e consorciada para as competencias compartidas.

– **A regulación dun novo marco de relacións entre Galiza, o Estado e a Unión Europea:** O Estatuto preverá unha comisión mixta Galiza-Estado como marco preferente de cooperación, de resolución de conflitos e de participación do noso país na toma das decisións estatais que nos afecten.

  Así mesmo, preverase a participación directa de Galicia nas institucións estatais. O Estatuto articulará a participación directa de Galicia na Unión Europea, tanto en vía ascendente coma descendente, así como a lexitimación perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea para a defensa das nosas competencias e intereses.

– **Recoñecemento da soberanía financeira:** O Estatuto establecerá as bases dun sistema de financiamento que asegure a suficiencia e a autonomía financeira da Facenda galega, a partir de recursos tributarios propios e da recadación territorializada dos impostos estatais.

  Así mesmo, o Estatuto creará unha Axencia Tributaria Galega que, xestionará os tributos xerados no noso país.

- **A garantía do investimento do Estado en Galiza**: O Estatuto establecerá unha cláusula que garanta para Galicia un 8% do investimento estatal territorializábel durante os próximos dez anos, para saldar a débeda histórica en materia de infraestruturas.

## II.3 AVANZANDO NA SOBERANÍA FINANCEIRA DE GALIZA

O incremento do autogoberno de Galiza debe ir necesariamente parello ao avanzo da consecución da responsabilidade fiscal plena do noso país, xestionando e dispondo da máxima capacidade normativa sobre todos os tributos, previamente territorializados, sen prexuízo da existencia dunha política redistributiva a nivel de Estado para ter en conta a situación real e de partida da nosa nación e as posibilidades de desenvolvemento autónomo e de exercicio da propia soberanía fiscal.

O BNG impulsará, polo tanto, o avanzo de Galiza na súa soberanía financeira, demandando un novo sistema de financiamento autonómico, e un sistema de financiamento local que internalice a Participación nos Ingresos do Estado (PIE), propiciando a a integración plena desa transferencia nos orzamentos da Xunta de Galiza.

O BNG tamén levará a cabo iniciativas precisas para que o conxunto do financiamento público e das políticas redistributivas do Estado e da Unión Europea sexan executadas desde Galiza coas máximas potestades, como único camiño de avanzarmos na converxencia real e na capacidade de decisión política de Galiza.

### II.3.1 Financiamento autonómico

O actual modelo de financiamento das Comunidades Autónomas reflicte unha visión uniforme do Estado, que nega a existencia de calquera outra nación que non sexa a española e fortalece a confusión interesada entre nación e Estado. Traslada, ademais, a falsa imaxe dun Estado cun pretendido carácter solidario que lle achega recursos de xeito paternalista a quen non ten capacidade de se financiar por si propio.

Para o BNG, o autogoberno é inseparábel da autonomía fiscal, e Galiza ten capacidade financeira suficiente para se valer por si propia se contar cos instrumentos políticos e fiscais para se poder responsabilizar.

Fronte á idea da Galiza pobre, subvencionada por España e incapaz de se valer por si propia, a realidade amósanos que Galiza é un país que conta con enormes potencialidades, pero que foi empobrecido por moitos anos de políticas contrarias aos seus intereses, e que conta con recursos suficientes para sustentar servizos públicos universais de calidade e unha estratexia propia de progreso económico e social. Unha Galiza con máis poder de decisión é perfectamente viable e capaz de ofrecer máis calidade de vida aos galegos e galegas e máis futuro ao país.

O BNG defenderá un novo sistema fundado na plena soberanía fiscal de Galiza, é dicir, na territorialización dos tributos e na capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos contando cunha Axencia Tributaria galega. Este modelo, compatíbel coa participación no sustento do Estado común en función de criterios pactados que teñan en conta distintas variábeis, non desbota que poida existir un fondo de equilibrio ou de redistribución para destinar especificamente aos que teñan unha renda inferior á media do conxunto. Esta proposta responde a unha concepción racional do Estado español, baseada na unión real en interese de todos, na transparencia, na autorresponsabilidade e na crenza nas propias capacidades.

Mentres non se acade este novo sistema de financiamento, o BNG traballará para que, no proceso negociador das reformas do actual sistema, o modelo de financiamento garanta cando menos a suficiencia financeira da facenda galega a partir dos tributos propios e da recadación territorializada de determinados impostos estatais (IRPF, IVE, impostos especiais e sociedades), de xeito que Galiza non teña que recorrer ao Fondo de Suficiencia. Para que isto sexa posíbel, o BNG demandará un incremento notábel nas porcentaxes de cesión destes tributos, propoñendo a cesión do 90% do IRPF e do IVE, e do 100% para os impostos especiais.

No proceso de revisión do actual sistema de financiamento, o BNG demandará modificacións no cálculo das necesidades de gasto das comunidades autónomas. Así propoñemos a creación de diferentes fondos específicos que teñan en conta o maior custo dos servizos en Galiza: un fondo para a dispersión, un fondo para a atención aos residentes no exterior e un fondo para a divulgación da lingua e cultura propias.

Ademais o BNG demandará mecanismos que garantan o retorno a Galiza dos tributos satisfeitos noutros territorios por actividades desenvolvidas no noso país. Con tal fin o BNG proporá a creación dunha Axencia Tributaria que xestione todos os tributos recadados en Galiza e nos que participe a Comunidade Autónoma.

### II.3.2 Financiamento Local

O sistema de financiamento local caracterízase por unha insuficiencia crónica dos recursos con que contan os concellos para faceren fronte ás demandas da cidadanía e ás crecentes necesidades de gasto. Esta é unha opinión común entre os responsábeis políticos municipais e no ámbito académico que estuda a Facenda Local. O sistema fiscal local é un sistema pouco equitativo, ríxido, insuficiente e, en boa medida, regresivo.

O modelo actual, deseñado polo anterior Goberno do PP, estableceu unha diferenciación entre concellos de máis de 75.000 habitantes e mais capitais de provincia ou Comunidade Autónoma e o resto dos municipios. O 98% dos concellos galegos fica á marxe da cesión de tributos, sen que exista ningún tipo de xustificación de porque non todos os concellos poden ser destinatarios desa cesión impositiva, e sen que existan razóns obxectivas, nin de necesidades de

financiamento, nin de capacidade de xestión, nin de ningún outro tipo, que impidan que a cesión se faga para todos os concellos.

Os criterios de reparto que o sistema de financiamento local estabelece para a Participación nos Ingresos del Estado (PIE) non ten en conta a repercusión que sobre o custo da provisión de servizos exercen factores determinantes tales como a dispersión poboacional, a extensión territorial ou o avellentamento da poboación, ignorando as propostas formuladas no seu día pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e mais polo propio Pleno do Parlamento de Galiza, na sesión do 3 de decembro de 2002, a instancia do BNG e co voto unánime de todos os grupos parlamentares.

O actual sistema de financiamento local supón un escenario con cidadáns e cidadás de primeira, os residentes nunhas poucas grandes cidades, que gozan de máis e mellores servizos debido a que os seus concellos obteñen maiores ingresos, e cidadáns e cidadás de segunda, residentes nos concellos que non participan na cesión, que obteñen menos ingresos e, en consecuencia, teñen que gravar aos seus residentes con maiores impostos para faceren fronte aos mesmos servizos que viñan ofrecendo, como xa está a suceder coa elevación xeneralizada do IBI e das taxas municipais desde a entrada en vigor deste sistema.

Polo tanto, non compartimos o actual sistema de financiamento local, xa que é estruturalmente insuficiente, nega o papel das Comunidades Autónomas na organización da Administración Local no seu territorio, non recolle o sentir das organizacións representativas das Administracións Locais galegas, non responde ás necesidades de financiamento da maioría dos concellos galegos, e incrementa a presión fiscal local sobre o conxunto dos/as cidadáns/ás.

É por iso que o BNG considera necesaria e oportuna unha reforma integral do sistema de financiamento local, que debería pasar pola adecuación das bases á actividade económica local, por reforzar os principios de autonomía e suficiencia financeira das Corporacións Locais, e, en definitiva, por procurar un financiamento máis independente para todos os concellos, nomeadamente para os máis pequenos.

No marco dun proceso de reforma da Administración local e de redistribución de servizos e funcións entre distintos niveis administrativos, no que os concellos están chamados a desempeñar un papel cada vez máis importante, é de vital importancia a adaptación do sistema de financiamento local ás características e ás necesidades de cada territorio e a resolución simultánea de ambos os dous procesos, de xeito que a asignación de recursos non condicione, de antemán, o mapa competencial resultante.

Neste sentido, O BNG defenderá unha reforma do sistema de financiamento local que se oriente nas seguintes direccións:

- Modificar o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE), en dous sentidos:

a. Propiciar a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza e adaptar así a participación ás características do territorio e da organización local galegas.

b. Na determinación da contía total da transferencia da PIE deben incorporarse criterios que recollan o maior custo dos servizos derivado da superficie territorial, da dispersión demográfica e do avellentamento poboacional.

- Permitir que sexan as leis de facendas locais de cada comunidade autónoma as que constitúan o marco de referencia do financiamento local no seu territorio. Neste sentido, o BNG promoverá a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais que operaría como referencia básica do financiamento municipal galego e que permitiría a creación dun Fondo de Financiamento Local, que aglutinase a transferencia da PIE e a Participación nos Ingresos da Xunta de Galiza. Este Fondo de Financiamento Local sería distribuído entre os Concellos galegos conforme a criterios propios, que serían definidos na Lei Galega de Facendas Locais.

# III. O AVANZO CARA UN ESTADO PLURINACIONAL

Que o Estado Español recoñeza xurídica e institucionalmente o seu carácter plurinacional, pluricultural e plurilíngüe é obxectivo básico do nacionalismo galego. Dende a sinatura da Declaración de Barcelona en 1998, o BNG ven traballando conxuntamente con outras organizacións políticas nacionalistas do Estado, en diferentes propostas que conduzan ao recoñecemento político-xurídico do carácter plurinacional do Estado Español.

A ofensiva do PP para deslexitimar os procesos de avanzo do autogoberno, e por impoñer una visión restritiva da Constitución, negadorada da diversidade nacional e orientada á recentralización do Estado, que convive coa incapacidade do partido gobernante no Estado por formular e defender unha visión de Estado alternativa a esta visión excluinte leva ao esgotamento e fracaso da súa proposta dunha "España plural".

Ante este escenario e nestas circunstancias, o BNG, en colaboración coas outras forzas políticas integradas en Galeuscat, aposta por un modelo de Estado plurinacional, e pola necesidade de encauzar os actuais retos no marco dunha "Segunda Transición". Así, o BNG, en paralelo á demanda dun Novo Estatuto de Nación para Galiza, proporá diferentes medidas e reformas na arquitectura xurídica e política do Estado de xeito que esta sexa máis acorde coa nosa condición de nación. Polo tanto, o BNG promoverá unha reforma do Senado, do Tribunal Constitucional e do sistema de pensións; impulsaremos a participación galega nos organismos da Unión Europea e demandaremos unha circunscripción propia nas eleccións ao Parlamento Europeo.

## III.1 A REFORMA DO SENADO

Para o BNG, o Senado debe de ser unha cámara de representación das diferentes nacións e rexións do Estado. Polo tanto, propoñemos unha fonda reforma, que inclúa unha reforma constitucional, concretamente no seu Título III, que leva por título "Das Cortes Xerais".

A nosa proposta compatibilizarase co respecto e mantemento da participación das Comunidades Autónomas na configuración do Estado, así como co respecto á relación bilateral entre as Comunidades e o Estado. A reforma afecta tanto ás súas funcións como á propia composición e forma de elección dos senadores, á vez que reflicte algo imprescindible para o éxito da reforma que propoñemos: a realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe que se dá no seo do Estado e a concorrencia de "feitos diferenciais" que a mesma Constitución enumera, como son a lingua e a cultura, a foralidade, a insularidade ou o Dereito Civil propio. A proposta do BNG contempla as seguintes medidas:

En canto á súa composición, articularase un Senado no que a súa función e forma de elección estea vinculada ás Comunidades Autónomas e non ás provincias. Dado que o sistema actual de elección dos senadores é previo á cristalización do Estado das Autonomías, é precisamente por iso un sistema

que debe entenderse como provisional e a reformar. Un Senado que, en base a iso, estará conformado por senadores designados polos seus correspondentes parlamentos autonómicos.

En canto ás súas funcións lexislativas, propoñemos as seguintes reformas:

- Ampliar as iniciativas lexislativas cuxo procedemento debe iniciarse no Senado, é dicir, nas que este debe ser Cámara de primeira lectura. Serían polo menos as que seguen:
    a. A elaboración ou reforma de Estatutos de Autonomía,.
    b. Leis do artigo 150 da Constitución, leis marco, leis de delegación ou transferencia e leis de harmonización.
    c. A lei Orgánica do artigo 157.3 da Constitución, pola cal se pode regular o exercicio das competencias financeiras enumeradas no artigo 157.1, as normas para resolver os conflitos que puidesen xurdir e as posibles formas de colaboración financeira entre as Comunidades Autónomas e o Estado.
    d. Leis que establezan as bases estatais en materias asumidas polas Comunidades Autónomas.
    e. Leis de transposición de normas europeas que incidan no ámbito competencial das Comunidades Autónomas.
    f. Leis orgánicas de autorización de Tratados polos que se atribúa a unha organización ou institución internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución.
    g. Lei de Fondo de Compensación Interterritorial, dando así continuidade á situación actual, dado que o procedemento xa se inicia no Senado.

Para ese efecto, é necesario modificar o art. 74.2 da Constitución co fin de facer constar:

a. Que todas estas leis iniciarán o seu procedemento polo Senado.
b. Que as decisións das Cortes Xerais se adoptaran por maioría de cada unha das Cámaras. En caso de non haber acordo entre o Congreso e o Senado, intentarase obtelo por unha Comisión Mixta composta de igual número de Deputados e Senadores que presentará un texto que será votado por ambas Cámaras.
c. Que se o devandito texto non se aproba polo Senado, o veto deste terá, sobre devanditas leis, carácter absoluto, é dicir, non decidirá o Congreso por maioría absoluta.

- Dar nova redacción ao art. 87.2 da Constitución, co obxecto de que as proposicións de lei dos Parlamentos Autonómicos teñan no Senado o debate previo da súa toma en consideración, sen prexuízo da súa posterior tramitación en primeira lectura na Cámara que, en atención ao seu contido, corresponda.

- Iniciar tamén no Senado o procedemento de autorización previa de Tratados e Convenios Internacionais.

- Ampliar os moi breves prazos para que o Senado tramite as iniciativas lexislativas, que pasarían a ser de catro meses en lugar dos dous meses establecidos; e de 40 días naturais no canto dos 20 días naturais, en caso de tratarse de proxectos declarados urxentes.

- Esixencia de maioría absoluta do Congreso para levantar o veto do Senado, salvo cando se trate das iniciativas referidas no primeiro punto, na que o veto do Senado terá carácter absoluto.

Complétase a nosa proposta cos seguintes puntos:

- Recoñecer expresamente no texto constitucional a realidade plurilingüe do Estado.

- Explicitar que corresponde ao Senado propor ou designar aos representantes das Comunidades Autónomas nos órganos constitucionais do Estado (TC, CGPJ, CRTVE) e en organismos reguladores (CNMV, CMT, CNE...).

- Establecer a posibilidade de que os senadores das Comunidades Autónomas que teñen un "feito diferencial" poidan elaborar informes preceptivos cando entendan que un proxecto ou proposición de lei afecta ao mesmo e tamén poidan presentar recurso de inconstitucionalidade cando consideren que un proxecto ou proposición de lei afecta aos seus "feitos diferenciais". Así mesmo, aos senadores destas Comunidades Autónomas recoñeceráselles o exercicio do dereito de veto, a condición de que representen polo menos a dous terzos dos senadores desa Comunidade e entendan que un proxecto ou proposición de lei afecta aos seus "feitos diferenciais".

## III.2 A REFORMA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

O carácter centralista que destilan moitas das decisións do Tribunal Constitucional, apoiando maioritariamente o exercicio de competencias estatais de acordo cun criterio restritivo para as competencias que lles correspondían en principio ás Comunidades Autónomas, teñen unha orixe directa no sistema de designación dos seus membros, que aínda que sufriu recentemente tímidos avances no referido á participación das Comunidades Autónomas, dista moito dun sistema de designación respectuoso co carácter plurinacional do Estado Español.

O Tribunal Constitucional ten que adaptarse ao carácter composto do Estado, no que a potestade lexislativa se reparte entre as Cortes Xerais e os Parlamentos Autonómicos, non podendo actuar ao servizo dunha parte, como sucede, de facto, na actualidade  Polo tanto, o BNG considera urxente e necesario reformar a Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, configurando a súa composición, competencias e ámbitos de actuación de acordo coa plurinacionalidade do Estado. Así, o BNG propón a reforma do Tribunal Constitucional en base aos seguintes criterios:

- Reforzamento da composición mixta (Estado-CCAA), e do carácter arbitral do TC.

- Equiparación da posición do Estado e das Comunidades en relación ao efecto do recurso ou conflito sobre a vixencia da norma impugnada (efecto suspensivo da interposición).

- Ampliación do ámbito de actuación do TC. Aos procedementos actualmente previstos na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional engadiranse:
  a. Conflito negativo por declararse o Estado incompetente para exercer atribucións en relación a unha Comunidade.
  b. Conflito pola obstaculización do Estado, por inactividade ou omisión, do exercicio de competencias autonómicas.
  c. Conflito para a reclamación do traspaso de medios e servizos.
  d. Incidente de afectación de sentenzas.

- Ampliación dos suxeitos ou grupos (deputados ou senadores) lexitimados para a interposición de recursos de inconstitucionalidade.

## III.3 UN SISTEMA DE PENSIÓNS QUE RESPONDA AO MODELO DE ESTADO PLURINACIONAL

Pasados case 30 anos de desenvolvemento do Estado autonómico, o principal programa social de carácter redistributivo, o sistema de pensións da Seguridade Social, continúa ancorado nunha concepción e unha practica uniformista e centralista, sen que se teñan desenvolvido as previsións que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galiza contemplan sobre a participación autonómica na xestión do sistema.

En paralelo, nestes últimos anos, tanto os Gobernos do PP e do PSOE propiciaron políticas no ámbito social orientadas a recuperar espazos de intervención do Estado central en materias de competencia exclusiva das Comunidades Autónomas. A argumentación de fondo de ditas políticas susténtase na idea que o modelo de Estado autonómico, na súa concepción e desenvolvemento, estaba cuestionando a cohesión social, considerando que é, precisamente, o Estado central o principal garante do principio de igualdade de todos os cidadáns. O BNG non comparte esta concepción que cuestiona a capacidade do autogoberno de ser motor de innovación social, garantía de progreso e de igualdade real e efectiva de todos os cidadáns, polo que afirmamos sen ningún tipo de complexos, que a maior e mellor autogoberno, máis e mellores políticas sociais.

O modelo emanado do texto constitucional considera que o Estado ten a competencia exclusiva da lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas Comunidades Autónomas. De feito, o Estatuto de Autonomía de Galiza contempla expresamente como competencia autonómica o despregamento e a execución da lexislación estatal e a xestión do réxime económico da

Seguridade Social. Porén, estas previsións do noso texto estatuario non se despregaron nestes case 30 últimos anos.

A argumentación que se utilizou para evitar o cumprimento da Constitución e os Estatutos en materia de Seguridade Social consistiu na solemnización dos principios de "caixa única" e o de "solidariedade financeira". En ningún caso estes principios se teñen modulado en función do principio constitucional de "autonomía política". Neste sentido é necesario recordar que o principio de "unidade de caixa" non existe como tal na Constitución e que foi incorporado ao ordenamento xurídico pouco antes da aprobación da mesma. Obviamente as consideracións políticas e legais do período preconstitucional, que levaron á plasmación do citado principio, foron superadas amplamente ao longo das últimas décadas.

Polo tanto, o BNG demandará que os principios de "unidade de caixa" e de "solidariedade financeira" se acomoden ao principio de autonomía política e esixirá que Galiza teña capacidade para desenvolver a lexislación estatal e a xestión do réxime económico da Seguridade Social.

Finalmente, o BNG proporá que os gobernos autonómicos teñan capacidade para adaptar o sistema de protección social ás necesidades concretas das súas sociedades, a través de política sociais propias. A uniformidade do sistema de pensións, ao non ter en conta a composición demográfica, os mercados de traballo, a realidade familiar, os custos da vida, a concentración urbana, a dispersión territorial ou a taxa de envellecemento específica, etc., non garante pensións suficientes e dignas.

## III.4 GALIZA NA UNIÓN EUROPEA

Para o BNG é fundamental a presenza de Galiza como nación nas institucións europeas. A pesares de terse producido un avanzo na presenza de conselleiros autonómicos nos Consellos de Ministros sectoriais, a actual situación aínda dista moito de ser satisfactoria, polo que cómpre seguir avanzando de cara a unha representación da nosa nación acorde a unha Europa dos Pobos.

Ademais, no ámbito idiomático, a oficialidade dunha variante do noso idioma como é o portugués, dista moito de significar unha real asunción por parte das institucións europeas da diversidade lingüística existente no ámbito da UE. Neste sentido, o BNG demandará a oficialidade do galego na Unión Europea, impulsando a senda emprendida cun Memorando do Goberno español e o acordo para que o galego poida ser utilizado en todas as institucións europeas.

En calquera caso, para incrementar nosa presenza nas institucións europeas, en tanto que nacionalidade histórica, impulsaremos as seguintes medidas:

- Garantir a participación de Galiza nas delegacións do Estado, nos órganos e institucións da Unión Europea que traten cuestións relativas ás competencias exclusivas contempladas no noso estatuto de autonomía. Así

mesmo, defenderemos a presenza de Galiza nos Consellos de Ministros da Unión Europea, formando parte da delegación do Estado.

- Garantir o establecemento de mecanismos de consulta previa á Xunta de Galiza en relación ás reunións do Consello Europeo que traten ou deliberen sobre materias que afecten ao ámbito competencial da nosa nación.

- Defender a lexitimación do dereito de intervención ante ao Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, cando os nosos intereses ou as competencias exclusivas contempladas no noso Estatuto de Autonomía se vexan afectadas por decisións ou medidas tomadas polas institucións europeas ou polos estados membros e que violen o ordenamento xurídico comunitario.

- Garantir a participación, intervención, xestión e control da Xunta de Galiza nos procesos de elaboración e aprobación de plans, programas e instrumentos de financiamento estrutural comunitarios que poidan beneficiar a Galiza.

- Modificar a normativa aplicable ao obxecto que o goberno galego poida ser receptor directo dos fondos comunitarios que se xestionen no ámbito das súas propias competencias.

- Establecer os marcos xurídicos necesarios que permitan o desenvolvemento de mecanismos de cooperación transfronteiriza, incluso coa celebración de acordos permanentes e institucionais en todas aquelas materias que son competencia galega.

- Garantir a plena integración do futuro corpo de policía galego nas organizacións, mecanismos e estratexias establecidas no ámbito da Unión Europea no marco das políticas de seguridade e cooperación policial (Espazo Schengen).

- Establecer mecanismos que permitan a participación do Parlamento galego no procedemento lexislativo, principalmente nas materias que afecten a competencias exclusivas, tal e como xa acordaron algúns Estados como Bélxica.

## III.5 CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL PROPIA AO PARLAMENTO EUROPEO

O modelo político do Estado español móvese nunha tendencia permanente cara ao centralismo e o uniformismo. Trátase dun modelo que leva consigo un profundo deterioro das diferentes realidades das nacións que o integran, que non acepta a diversidade nacional ou intenta interpretala segundo a súa exclusiva perspectiva política.

O Estado español, cunha única circunscrición electoral, nega a plurinacionalidade e non se encadra nos parámetros europeos, xa que en cinco

Estados membros da Unión Europea (Bélxica, Francia, Irlanda, Italia e Reino Unido), o territorio estatal divídese en diferentes circunscricións electorais para as eleccións ao Parlamento Europeo.

O BNG, dende a profunda vocación de construír a nación galega e de seguir traballando pola Europa das Nacións, avoga por unha circunscrición electoral propia ao Parlamento Europeo. Así, promoverá nas Cortes Xerais a reforma legal necesaria para as próximas eleccións ao Parlamento Europeo.

# IV. AS PROPOSTAS POLÍTICAS DO BNG NO ESTADO

## IV.1 POLÍTICAS SOCIAIS

### IV.1.1 Política laboral e de fomento do emprego

O actual período de crecemento económico, tanto en Galiza como no Estado Español, debe ser acompañado do incremento do emprego e da mellora das condicións laborais, polo que se deberán tomar medidas encamiñadas a estimular a creación de emprego, vinculándoas ao incremento da capacidade produtiva dos sectores económicos, que ademais se caractericen pola súa contribución á creación dun emprego digno e estábel.

Para conseguir estes obxectivos, cómpren cambios estruturais en dúas direccións, dunha banda, será prioritario mudar o réxime das relacións laborais, retomando unha regulación máis xusta socialmente a fin de asegurar que a contratación indefinida sexa a regra xeral, que se reduzan as modalidades de contratación temporal e que se supriman os contratos laborais que supoñan precariedade laboral. Doutra banda, será prioritario someter a un maior control aos procesos de externalización produtiva, que poña límites á subcontratación en cadea, e limite tamén as condicións de aplicación das mesmas, pulando pola desaparición de todas as formas de contratas e subcontratas fraudulentas e polo incremento dos elementos de responsabilidade da empresa principal e dos dereitos colectivos. Deste xeito actuarase contra o principal elemento de precarización das relacións laborais, apostando por fomentar a maior capacidade profesional dos traballadores e traballadoras, e o incremento da seguranza no traballo.

Ademais, dentro destes criterios de actuación xeral, o BNG proporá e impulsará as seguintes actuacións:

- Demandarase a transferencia a Galiza da inspección de traballo, tal e como recolle o vixente Estatuto de Autonomía.

- Nas diferentes estratexias de emprego, incentivarase a aplicación transversal da perspectiva de xénero, así como a consideración das características específicas das taxas de actividade-inactividade e emprego-paro femininos na Galiza.

- Modificar a lexislación relativa ás empresas de traballo temporal, para orientar a súa actividade exclusivamente á funcións moi especializadas ou non habituais nas empresas. Así mesmo, garantirase a igualdade de trato e non discriminación dos traballadores e traballadoras contratados polas ETTs.

- Potenciarase o papel dos servizos públicos de emprego nos seguintes aspectos:

  a. Na intermediación laboral, mellorando o acceso a ofertas de traballo mediante diferentes técnicas de intermediación e orientación profesional,

modernizando a gama de servizos e utilizando as novas tecnoloxías de información, axustando deste xeito a oferta e demanda de emprego.

b. Atención personalizada a usuarios: diagnóstico de necesidades individuais e seguimento ao demandante de emprego no seu itinerario de busca de emprego.

c. Ofrecendo un maior abano de posibilidades para a formación e a reciclaxe, e adecuando as mesmas ao perfil do solicitante.

– A revisión das políticas de fomento do emprego, concentrando as axudas á contratación de emprego en colectivos específicos con altas taxas de desemprego, e vinculando o seu financiamento aos Orzamentos Xerais de Estado, e nunca aos fondos do Servizo Público de Emprego.

– Avanzar nun mellor reparto do tempo de traballo, como política creadora de emprego, incentivando a redución do horario semanal a 35 horas e limitando a realización de horas extraordinarias, cuxa retribución preferente será por medio de períodos de descanso equivalentes ao tempo extra traballado.

– Incremento progresivo do salario mínimo interprofesional, até o situar no criterio proposto na Carta Social Europea, que establece unha contía do 60% do salario medio neto.

– Ampliar a cobertura por prestación de desemprego, mellorando substancialmente os dereitos das persoas en desemprego: ampliación dos períodos de prestación contributiva por desemprego coa correlativa redución dos períodos traballados esixidos para ter dereito a subsidio; aumento das contías da base reguladora da prestación por desemprego no caso de parados ou paradas con responsabilidades familiares; tratamento equitativo na definición de rendas exentas a efectos da percepción do subsidio; extensión da protección por desemprego a todas as modalidades contractuais laborais; inclusión no ámbito da protección por desemprego dos individuos que realizan traballos de investigación científica en institucións públicas ao abeiro de bolsas ou axudas; e restauración da obrigación de aboar salarios de tramitación na súa integridade nos supostos de despedimentos improcedentes.

– Aplicación dun plano global de acción contra a sinistralidade laboral, que comprenda a redución da temporalidade e o fomento do emprego estábel nos sectores que presentan maiores taxas de sinistralidade; a intensificación no control das actuacións das empresas e sectores que acumulan maior sinistralidade; a redución obrigatoria da xornada laboral nas actividades máis perigosas; o incremento das exixencias sobre condicións e lugares de traballo para garantir uns estándares óptimos de seguranza e saúde laboral; a implantación dun réxime de responsabilidade obxectiva da empresa titular do contrato principal nos casos de subcontratación para evitar a elusión de responsabilidades; o incremento dos recoñecementos periódicos para avaliar a saúde dos traballadores e traballadoras; a posibilidade de acceso voluntario á incapacidade permanente derivada de enfermidade profesional para aqueles traballadores e traballadoras que desenvolveran actividades penosas ou perigosas, etc.

- Impulsarase unha reforma do Estatuto dos Traballadores para potenciar a negociación colectiva a nivel da Comunidade Autónoma, evitando a centralización das unidades de negociación, e, así mesmo, atribuír lexitimación para negociar nos grupos de empresa aos sindicatos máis representativos a nivel autonómico.

- A mellora global nas condicións de traballo dos empregados públicos, coa adopción das seguintes medidas: a compensación da perda de poder adquisitivo por medio de incrementos anuais superiores ao IPC coa correspondente dotación orzamentaria; o estabelecemento de cláusula de revisión salarial aplicábel de xeito automático nos anos de desviación do IPC; a actualización de conceptos retributivos; a consolidación do emprego estábel nas Administracións Públicas e a eliminación das limitacións á reposición de efectivos.

- Impulsarase unha reforma lexislativa que garanta por lei as variacións anuais do IPREM, de xeito que o seu incremento non sexa menor á suba real do IPC.

- A transferencia da xestión íntegra da formación continua a Galiza, efectuando a territorialización completa das partidas que integran os fondos procedentes da cota de formación profesional dos traballadores e traballadoras en activo, por medio de criterios obxectivos de reparto.

- O Estatuto do Traballador Autónomo supuxo un avanzo importante para os traballadores autónomos. O BNG impulsará o seu completo desenvolvemento normativo, e que este se faga en colaboración coas CCAA, nomeadamente no relativo aos dereitos colectivos e a protección social do traballador autónomo. Ademais, no Estatuto do Traballador Autónomo non se establece especificamente a prestación por desemprego para os traballadores autónomos. A única referencia á mesma defínese na Disposición Adicional Cuarta, coa previsión de que o goberno establecerá un sistema específico de protección por cese de actividade para os autónomos. Polo tanto, o BNG impulsará as seguintes iniciativas:
    a. Establecemento de prazos de cumprimento ao abeiro da citada disposición, para dar resposta a curto prazo as necesidades dos traballadores e traballadoras autónomos.
    b. Establecemento da regulación específica de protección por cese de actividade, garantindo os principios contributivo, de solidariedade e de sustentabilidade financeira que responda as necesidades deste colectivo.
    c. Impulso e extensión dos dereitos de conciliación ás traballadoras e traballadores autónomos.
    d. Impulso á mellora das condicións de determinados colectivos sectoriais.

- A extensión dos supostos de dereito a reserva do posto de traballo ás excedencias por coidado de persoas menores ou dependentes.

- A posibilidade de desfrutar do permiso de lactación acumulado durante o primeiro ano de vida da crianza, fixando a súa duración.

- A inclusión do dereito a solicitar flexibilidade de horario por motivos familiares aos traballadores e traballadoras que teñan persoas dependentes ou menores de 12 anos ao seu cargo.

## IV.1.2 Protección social

A evolución do financiamento público en materia de protección social no Estado español indica que aínda existe unha distancia considerábel a respecto da media europea. Se ben nesta lexislatura se rexistraron avances positivos nesta materia aínda se manteñen diferenzas importantes na converxencia no ámbito social.

A alternativa do BNG baséase no reforzamento xeral do sistema público de protección social, xa que a vixencia do carácter público garante a responsabilidade colectiva e un control democrático sobre a xestión dos recursos destinados á cobertura das situacións de necesidade e ao incremento do benestar dos cidadáns a das cidadás, para alén de vincular a mellora das prestacións asistenciais á situación xeral da economía. A mellora na acción protectora que propón o BNG centrarase nos seguintes aspectos:

- Incremento do gasto global en protección social até atinxir, nun período de catro anos, como mínimo o gasto medio en protección social no conxunto da Unión Europea. Así, Proporase unha mellora substancial das pensións, tanto das contributivas como das non contributivas. Impulsarase tamén o incremento das pensións concedidas ao abeiro do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez (SOVI) e do Retiro Obreiro.

- Garantirase a estabilidade do Fondo de Reserva, do mesmo xeito que se fomentará a inversión do fondo en débeda pública autonómica e local e se rexeitará calquera intento de que o Fondo sexa invertido en valores de renda variable.

- Revisión dos coeficientes redutores de xubilación ás actividades que impliquen situacións de grande risco, esforzo físico, penosidade ou perigosidade.

- Con respecto ás xubilacións anticipadas, proporase o coeficiente redutor do 4%, xa que este coeficiente ten un efecto recadatorio neutro no Sistema da Seguridade Social. Deste xeito eliminarase a excesiva penalización existente na actualidade a respecto das pensións nos casos de xubilación anticipada. Ademais, evitarase o financiamento público de prexubilacións en empresas con beneficios.

- Defenderase a integración dos traballadores por conta allea do Réxime Especial Agrario no Réxime Xeral, a través dun réxime transitorio para a equiparación das cotizacións. Porén, recoñeceranse as mesmas prestacións desde o inicio da integración.

- Acometer mudanzas no Réxime Especial do Mar para permitir a inclusión de todas as mariscadoras a pé, cotizando nun sistema acorde co traballo real e garantíndolles unha pensión digna ao remate da súa vida laboral.

- Mudar en profundidade a regulamentación da Seguridade Social das empregadas do fogar, equiparando a cotización e coberturas ás existentes no Réxime Xeral, e recoñecendo o dereito á prestación por desemprego.
- Regular os traballos perigosos ou penosos que se realizaren por traballadores e traballadoras por conta propia afiliados/as aos Réximes Especiais da Seguridade Social para permitir reducións na idade de xubilación e poderen acceder as persoas afectadas á xubilación anticipada.
- Implantación dun salario social de ámbito universal para as persoas maiores de idade que non teñan rendas e se atopan encadradas dentro dos colectivos con maior dificultade de inserción laboral: mozos e mozas, mulleres, maiores de 45 anos, etc. Dito salario estará vencellado ao cumprimento por parte do beneficiario dun itinerario de inserción laboral.

### IV.1.3 Servizos sociais

Os servizos sociais son competencia exclusiva das comunidades autónomas, polo que o papel que ten que xogar a Administración Xeral do Estado é o da súa promoción, estímulo e colaboración financeira para articular, en cada territorio, sistemas de protección social axustados as necesidades e singularidades propias.

O BNG asume como prioridade colocar os servizos sociais como cuarto piar do Benestar, xunto coas pensións, o sistema sanitario e o educativo, xa que isto supón a garantía de que todas as persoas disfrutarán dun nivel de acceso a bens e servizos baseados na igualdade de oportunidades, de normalización e participación na vida da comunidade. A construción do Sistema Galego de Benestar implica unha corresponsabilidade da Administración Xeral do Estado para avanzar no seu desenvolvemento e consolidación.

Para a implantación do servizo galego de autonomía persoal, o BNG demandará o desenvolvemento dun plan de financiamento que posibilite, por unha banda, continuar co pagamento da débeda histórica con Galiza en materia de servizos sociais e por outra, dispor de recursos económicos suficientes para atender a 91.000 persoas dependentes. Polo tanto, demandarase que o Estado invista en Galiza un mínimo do 10% do total estatal destinado á atención da dependencia, téndose en conta polo tanto o maior custo na prestación deste servizo en Galiza, debido a que o país conta co maior índice de dispersión poboacional e cunha altísima porcentaxe de persoas maiores e con discapacidade. Deste xeito poderase triplicar os servizo de teleasistencia domiciliaria, dispor de mais prazas residenciais ata chegar ao 3,5 por cada 100 maiores de 65 anos, continuar na liña de crear mais servizos de proximidade como centros de día e axuda no fogar e ampliar o servizo de transporte adaptado como forma de achegamento das persoas dependentes aos servizos sociais e as actividades básicas para a vida diaria.

Ademais, a acción do BNG nas Cortes Xerais terá como obxectivos:

- Afianzar o papel dos poderes públicos na prestación de servizos sociais, reservando ás entidades privadas o papel de complementariedade coas políticas públicas e en función da súa planificación.

- Aumento do gasto público en materia social para converxer con Europa tanto en porcentaxe sobre o total do PIB como do PIB per cápita.

- Demandar o potenciamento dos servizos de prevención de dependencia, estimular a participación das persoas dependentes na vida da comunidade buscando en todas as actuacións o maior nivel de integración e normalización social.

- Elaboración dun plano financeiro para a provisión de servizos sociais ás Comunidades Autónomas que teña en conta as súas singularidades e onde se primen importantes factores como o avellentamento e a dispersión poboacional.

- Revisión do Plan Concertado, logo de 20 anos da súa existencia, para adaptalo ás necesidades de provisión de servizos sociais ás corporación locais.

- Reverter ás comunidades Autónomas as aportacións dos cidadáns a través do 052 do IRPF para que entre os gobernos autonómicos e a iniciativa social se poda configurar un verdadeiro sistema de servizos sociais cohesionado, integrado e de garantía pública.

- Colaborar coas comunidades autónomas no financiamento dos planos de pobreza e inclusión social, dirixidos a toda a cidadanía.

- Eliminar o requisito de residencia previa para os emigrantes retornados maiores de 65 anos na percepción de pensións non contributivas

- Facilitar ás comunidades autónomas recursos para articular un plan de actuación en materia de menores estranxeiros non acompañados que pase polo financiamento de medidas de integración social, formación para o emprego, inserción laboral e documentación inmediata para a súa inclusión social

- Establecemento de fondos que permitan crear conxuntamente coas comunidades autónomas e os concellos programas de modernización e inversión tecnolóxica en materia de servizos sociais, entre outros, expediente único, informatización e rexistros e estatísticas actualizadas.

## IV.1.4 Outras propostas de política social

O BNG defende unha alternativa política avanzada socialmente, que sexa vangarda na extensión de dereitos á cidadanía. Polo tanto impulsaremos todas aquelas propostas que contribúan a pór fin e corrixir as situacións de inxustiza

social e desigualdade aínda existentes na nosa sociedade, polo tanto propoñemos as seguintes medidas:

- Despenalizar a eutanasia activa para casos diagnosticados como enfermidade terminal e irreversíbel, garantindo a súa asistencia no sistema público de saúde.
- Revisar as políticas sobre drogas, evitando o predominio dunha visión prohibicionista, regresiva e policial, actuando en tres ámbitos: a mellora da situación das persoas consumidoras e as súas familias: aumento do orzamento dedicado ao tratamento de drogodependentes que desexaren abandonar a adicción; integración da política de drogas na política xeral de consumo e sanidade; derrogación da normativa sancionadora polo consumo de drogas; o fortalecemento da loita contra o tráfico ilegal de drogas a grande escala, cunha implicación seria dos poderes públicos na investigación e persecución do branqueo de diñeiro; e o inicio dun debate amplo para seren avaliadas as consecuencias da política seguida até o de agora e onde se formule a proposta dunha nova política sobre drogas realista en que se valoren alternativas que propugnan a distribución controlada polas autoridades públicas de determinadas sustancias.
- Combater todo tipo de discriminación por razóns de orientación sexual, nomeadamente dentro das Forzas Armadas.

## IV.1.5 Sanidade

O BNG defende un modelo de sanidade pública e universal, polo que se deberá garantir tanto o financiamento como a provisión dos servizos sanitarios, para reforzar o carácter publico da mesma.

Será obxectivo fundamental do BNG garantir un financiamento suficiente da sanidade pública, incrementando significativamente o gasto público destinado aos servizos de saúde, dotando un soporte financeiro complementar do actual sistema de financiamento autonómico, e pulando polo recoñecemento das especificidades de Galiza cunha maior ponderación no financiamento do envellecemento e a inclusión da dispersión como factor de custe do servizo que permita sanear o actual déficit e asegurar a suficiencia dinámica do sistema, sen implicar a creación de novas figuras impositivas indirectas.

A consecución da igualdade efectiva no acceso ás prestacións sanitarias de todas as persoas, e o fomento da calidade das mesmas, así como o respecto ás competencias exclusivas de Galiza en materia sanitaria, guiarán a actuación do BNG, defendendo as propostas que se expoñen a continuación:

- Compromiso na mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, incremento do catálogo de prestacións a novas especialidades médicas (odontoloxía, oftalmoloxía, etc.) e farmacolóxicas.

- Pular por unha maior capacidade de xestión das Comunidades Autónomas no ámbito farmacéutico: decisións sobre financiamento, fixación de prezos e

condicións de uso dos medicamentos; participación directa na negociación coa industria farmacéutica sobre límites de gasto; fomento da investigación farmacéutica; capacidade de decidir sobre as receitas multiprescripción e retorno para Galiza das plusvalías derivadas da comercialización de medicamentos no noso país.

- Demandar a transferencia do corpo médico de Institucións Penitenciarias, coa finalidade de integralo nun único sistema galego de saúde, así como do traspaso da titularidade dos bens inmobles vinculados aos servizos sanitarios que están integrados no patrimonio único da Seguridade Social.

- Defender a unidade de aseguramento na asistencia sanitaria, fronte á extensión de modelos alternativos aos servizos sanitarios públicos.

- Rexeitamento de novas fórmulas de copagamento, tanto na prestación de asistencia sanitaria como farmacolóxica.

- Impulsar por parte das autoridades sanitarias o financiamento dos métodos anticonceptivos e suprimir as dificultades de adquisición da pílula postcoital.

- Modificar a regulación dos supostos de obxección de conciencia do persoal sanitario para garantir os dereitos dos/as usuarios/as nos casos de anticoncepción, aborto e eutanasia.

- Mellorar a atención sanitaria dos afectados polo VIH/SIDA, prestando especial atención ás políticas de prevención e de inserción social.

- Impulsar un cambio na política de prestacións farmacéuticas, coa participación de todos os axentes implicados, guiada polos obxectivos da eficiencia no uso dos medicamentos e da equidade no acceso á prestación, e que incorpore as seguintes medidas: revisión da lista de medicamentos financiados a fin de ampliar o catálogo, priorizar a dispensación de medicamentos xenéricos, fomentar envases que conteñan doses reducidas e limitar as prácticas comerciais e publicitarias da industria farmacéutica.

- Fomentar a investigación biomédica —incluída a realizada con células nais— así como impulsar a súa defensa nas institucións internacionais, dirixíndoa ao desenvolvemento de novos instrumentos diagnósticos e terapéuticos.

- Impulsar nos Organismos Internacionais competentes unha revisión da normativa sobre patentes biolóxicas e de produtos farmacéuticos, a fin de recoñecer o dereito dos Estados a producir medicamentos en situacións de emerxencia sanitaria, e a poder adquirilos a prezos asequíbeis.

## IV.1.6 Vivenda

No último lustro temos asistido a unha escalada de prezos na vivenda que fixeron inasumíbel para moitas persoas o acceso a unha vivenda digna,

afectando esta situación en especial os mozos e mozas. As receitas do goberno do Estado para reducir o custo da vivenda causaron o efecto contrario, e a excesiva confianza nun mercado inmobiliario desregulado provocou un maior esforzo por parte de moitos cidadáns e de numerosas cidadás para poderen ter unha vivenda, ao tempo que se favoreceu a especulación en beneficio dos oligopolios inmobiliarios. Mais, na actualidade, no noso país, estanse a producir avances na solución desta situación grazas á acción de Goberno do BNG na Xunta de Galiza.

Por todo isto, o BNG defenderá nas Cortes Xerais actuacións positivas en materia de vivenda para o noso país, como as seguintes:

- Defender o lexítimo exercicio pleno das nosas competencias exclusivas en materia de vivenda, solicitando a supresión do Ministerio de Vivenda.

- Defender o pago da débeda histórica en materia de vivenda, que se aproxima aos 80 millóns de euros.

- Acadar a completa territorialización dos fundos cos que actualmente se financia o plan estatal de vivenda, así como unha meirande participación de Galiza no reparto dos fondos estatais para vivenda reconsiderando os coeficientes de reparto entre Comunidades Autónomas, introducindo ademais do índice de poboación e nivel medio de renda, outros criterios como o espallamento da poboación, así como o avellentamento do propio parque de vivendas.

- Ademais, o BNG promoverá a posta en marcha de políticas coordenadas que permitan que as Administracións xoguen un papel importante na definición e regulación do mercado inmobiliario e no financiamento das medidas de apoio ao acceso de vivenda

    a. Incremento dos fondos destinados á promoción pública de vivendas protexidas.

    b. Proceder, de acordo coas Comunidades Autónomas, a fortalecer a coordinación do Goberno do Estado coas CCAA para garantir a efectividade do Plano de Vivenda, e a modificación da regulación básica do vixente Plano nos seguintes aspectos: fixación do prezo básico en función do prezo medio da vivenda en cada concello; o aumento da superficie computábel das vivendas protexidas nos casos de vivendas dedicadas á rehabilitación; dotar de maior flexibilidade a aplicación do Plano por parte das CCAA; garantir que as vivendas protexidas non teñan que pagar no futuro xuros superiores ao 5 por 100; adoptar medidas condicionadas para o subsidio das unidades familiares que destinaren á adquisición de vivenda máis do 35 por 100 do conxunto da renda familiar; estabelecer unha liña especial de axudas ás promocións para uso propio en réxime de cooperativa ou xestionadas por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro; contemplar o apoio á diversificación tipolóxica da oferta de vivendas ou aloxamentos que den

satisfacción ás novas demandas sociais (mozos/as, familias monoparentais, unións de feito, persoas maiores, etc.).

c. A creación de patrimonios públicos de solo, como sistema de regulación dos prezos do mercado do chan, cooperando coas distintas Administracións para que se impulsen en cada ámbito os devanditos patrimonios inmobiliarios públicos.

d. A dotación, de acordo coas CCAA, de parques de vivendas de aluguer de réxime público, incorporando incentivos fiscais aos promotores.

e. Potenciar as medidas de rehabilitación de vivendas destinadas a residencia habitual, especialmente en núcleos históricos e no medio rural.

f. Modificar a lexislación patrimonial das Administracións Públicas para que, nos casos de alleamento de bens públicos que conten con edificabilidade segundo o planeamento urbanístico, se destinen preferentemente á promoción pública de vivenda protexida, tanto en réxime de propiedade como de aluguer.

g. Diminución da presión fiscal soportada polos adquirentes na transmisión de vivendas que fosen destinadas a residencia habitual.

## IV.1.7 Igualdade

A posta en marcha dun novo marco lexislativo coa promulgación de leis de carácter estatal, como a Lei de Igualdade e a Lei contra a violencia de xénero, supoñen un avance, ao que o BNG contribuíu a través de propostas que axudaron a mellorar estes textos lexislativos.

Malia terse dado estes avances, as mulleres seguen a padecer unha situación de discriminación que obriga a reclamar garantías de que todas as medidas aprobadas teñan unha dotación económica axeitada, e que os resultados da aplicación destas políticas sexan revisados, avaliados e cuantificados, pois os informes socioeconómicos seguen a describir a persistencia dunha situación de discriminación social das mulleres.

A política levada a cabo polo Goberno Español en materia de igualdade non conseguiu plasmar de xeito concreto a transversalidade que, a priori, parecía ser o fío condutor do deseño, aplicación e avaliación das políticas levadas a cabo no goberno central, polo que a pesares do avance que supuxo a aprobación das citadas leis, non foron quen de combater a fenda salarial de xénero, nin impediron que pervivan as diferenzas entre as mulleres do ámbito rural e do urbano, e incluso as melloras nas políticas de conciliación da vida familiar, persoal e laboral, non se viron efectivizadas coa dotación de fondos públicos necesarios para acadar a universalización de escolas infantís ou centros de día para dependentes, tarefa que si está desenvolvendo o BNG desde o goberno galego.

Do mesmo xeito, a reforma sobre medidas en materia de seguridade social aprobada en verán do 2006, non tivo un efecto neutro dende o punto de vista de xénero, prexudicando maioritariamente ás mulleres, que se converten, polo feito de estar nunha situación laboral mais precaria nas principais destinatarias dunhas medidas que restrinxen e dificultan o acceso á pensión de xubilación, nas contías das pensións de incapacidade permanente total, incluso na absoluta e na de grande invalidez.

O certo é que, na maioría dos casos, os proxectos lexislativos levados a cabo polo PSOE carecen dun financiamento amplo para darlles cobertura, polo que o BNG demandará que as medidas lexislativas vaian acompañadas de medidas educativas e recursos económicos suficientes para desenvolvelas.

O BNG está a conseguir importantes avances na consecución da igualdade efectiva e real mediante as políticas que está a aplicar desde o goberno galego, que servirán de guieiro das súas propostas nas Cortes Xerais, polo que o BNG impulsará que se planifiquen políticas dirixidas á igualdade real, mudando e mellorando a situación das mulleres, potenciando a súa presenza activa nos distintos ámbitos da vida social, e favorecendo as condicións persoais e colectivas que posibiliten ese cambio. Para iso, defenderanse as seguintes medidas:

- Instar á reforma da lei sobre interrupción voluntaria do embarazo, despenalizando o aborto e promulgando unha nova lei de prazo que garanta o dereito das mulleres a decidiren libre e voluntariamente a interrupción do seu estado de gravidez dentro das dezaseis primeiras semanas de xestación, así como a súa asistencia na rede pública de saúde de xeito gratuíto e en todas as fases do proceso da interrupción garantindo a obrigatoriedade dun hospital público por área sanitaria co servizo funcionando como centro de referencia.

- Ampliar as medidas relativas á igualdade e no uso dos tempos familiares, laborais e persoais, a través dunha reforma normativa que contemple:

    a. A ampliación do permiso parental, coa existencia dunha parte dese permiso susceptíbel de ser cedida e outra que non.

    b. Considerar como tempo cotizado a efecto das cotizacións sociais para os/as titores e proxenitores desempregadas/os ou inactivas/os, durante 6 meses dende a data do parto ou adopción, así como en todos os casos de excedencia por coidado de fillas e fillos menores e persoas dependentes.

- A Lei estatal ten representado un avance na loita contra a violencia de xénero, mais a tres anos da súa implantación detéctanse eivas importantes. De aí que siga sendo necesario adoptar as seguintes medidas:

    a. Realizar unha avaliación rigorosa da implementación da Lei 11/2004 Orgánica integral contra a violencia de xénero, demandando ademais o

incremento do financiamento para poder levar a cabo as diferentes medidas que se recollen na Lei.

b. Dotación orzamentaria suficiente para pór en marcha un xulgado específico de violencia de xénero en cada unha das sete cidades galegas.

c. Desligar o acceso aos recursos da vía penal. Ampliación dos documentos de acreditación para acceder aos recursos, tanto de seguridade como económicos ou de atención, como se ten feito na Lexislación Galega.

d. Reformar a normativa sobre Seguridade Social para permitir compatibilizar as axudas de subsidio por desemprego e as rendas mínimas por inserción social coas indemnizacións por responsabilidade civil que perciben as vítimas de violencia de xénero.

e. Modificar a lei de estranxeiría para incorporar as garantías de asilo das mulleres que sofren violencia de xénero no país de orixe ou no de residencia.

f. Garantir o acceso aos recursos das mulleres inmigrantes en situación de violencia de xénero.

g. Posta en marcha dunha prestación económica por unha duración dun ano e de carácter mensual, a nivel estatal como substituto da prestación de pago único do art. 27 da lei integral estatal.

- Adoptar medidas para que os medios de comunicación de titularidade pública e privada cumpran o principio de non discriminación no tratamento da imaxe da muller.

a. Promover programas e publicidade institucional nos medios de comunicación públicos e estimular a emisión e publicación nos medios privados, que incidan pedagoxicamente na necesidade de loitar contra a discriminación das mulleres e a violencia de xénero.

b. Promover o tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero, para que as informacións velen polo dereito à intimidade das vítimas e das súas fillas e fillos, e se agreguen pautas informativas dos recursos de prevención, asistencia e protección existentes.

- Impulsar as reformas normativas oportunas para eliminar as trabas que impiden ás mulleres accederen na actualidade á titularidade das explotacións agrarias se o seu cónxuxe xa figura como titular doutra explotación agraria e promover a cotitularidade das explotacións agrarias familiares, de acordo co aprobado na última lexislatura.

- Modificar a lei de Cámaras de comercio para incluír a paridade como fórmula de acceso ao seu goberno para as mulleres empresarias e autónomas.

- Modificación da nomenclatura masculina da CNO-94 (Código Nacional de Ocupación) e incorporación das seguintes profesións: axente de igualdade, redeira e mariscadora.

- Garantir o control do uso da linguaxe non sexista nas publicacións, nomeadamente nos libros de texto, dicionarios, etc. e deseñar medidas de sensibilización sobre o uso da linguaxe non sexista.

## IV.1.8 Mocidade

O BNG trasladará ás Cortes Xerais do Estado as principais inquedanzas da mocidade galega, desenvolvendo iniciativas encamiñadas a defender os intereses da xente nova. En particular, o traballo do BNG nas Cortes Xerais seguirá as seguintes liñas de actuación:

- Deseño de políticas de fomento do emprego xuvenil co obxectivo da creación de emprego estábel e nunhas condicións laborais dignas, sendo obxectivo prioritario a igualdade de condicións e oportunidades das mozas galegas.
- Reestruturación da Formación Continua co obxectivo de a adaptar á realidade sociolaboral da mocidade galega.

- Revisión do vixente plano de vivendas para que se contemplen liñas de axuda específica á xente nova. Igualmente, demandarase a inclusión da mocidade dentro dos colectivos favorecidos para ter acceso a vivendas de protección oficial e o mantemento ou incremento das axudas xerais á compra de vivenda. Tamén se impulsará a adopción de medidas económicas e fiscais específicas para facilitar a constitución de cooperativas de vivendas por parte de xente moza

- Elaboración e regulamentación dun “Programa de vivenda de protección pública en réxime de aluguer” destinado á mocidade.

- Revisión dos criterios na concesión de bolsas de estudos co obxectivo de que se teña en conta a realidade socioeconómica da mocidade galega.
- Impulso dunha reforma do Consello da Mocidade de España para permitir a participación das asociacións xuvenís con ámbito de actuación nas nacionalidades históricas.

## IV.1.9 Emigración e inmigración

### IV.1.9.1 Emigración

A política do BNG a respecto da emigración xirará arredor de dous eixes: retorno e igualdade real. Neste sentido, a participación do nacionalismo no goberno galego, está a contribuír a que se creen na Galiza as condicións económicas e sociais necesarias para permitir o retorno ao país dos galegos e galegas que o desexen.

A aprobación no Estado da Lei que regula o Estatuto da cidadanía no exterior, á que o BNG contribuíu positivamente, ten constituído un avanzo no recoñecemento de dereitos aos emigrantes, mais cómpre crear as condicións para que non fique nunha simple norma declarativa de dereitos sen mecanismos que permitan efectivizar o seu cumprimento, por iso o BNG defenderá a aplicación de políticas prácticas que remexan todos os obstáculos que dificultan o retorno e agrupamento dos familiares na Galiza, e defenderá que o desenvolvemento regulamentario do Estatuto da cidadanía no exterior permita, de xeito efectivo, que os galegos e galegas emigrados conten como cidadáns á hora de acceder aos servizos sociais e prestacións asistenciais básicas. Con esta finalidade, as liñas xerais das políticas que o BNG defenderá en materia de emigración serán as seguintes:

- Deseño dun plano de asistencia sanitaria e servizos sociais que permita cubrir as deficiencias dos sistemas sociosanitarios e de protección social dos países de acollida dos emigrantes galegos que non conten cun sistema sanitario con cobertura suficiente, a fin de garantir uns niveis asistenciais mínimos a todas as persoas emigrantes orixinarias da Galiza.

- Aclarar o réxime de exercicio dos dereitos políticos por parte dos emigrantes que ostentan a dupla nacionalidade, conforme aos tratados internacionais e os convenios de dupla nacionalidade.

- Difusión e acceso ao ensino da lingua e cultura galegas nos centros galegos, permitindo o acceso á obtención do CELGA, e nas institucións e organismos dependentes do Estado español no estranxeiro, e inclusión da Lingua, Literatura e Historia de Galiza nos centros españois formativos abertos no estranxeiro para atender a instrución do alumnado de orixe galega.

- Exixir a inclusión regular da lingua galega na programación exterior de RNE e TVE, especialmente daqueles programas dedicados especificamente á emigración.

- Potenciar os mecanismos de participación institucional entre a emigración e a Administración, mellorando e complementando o papel que ostenta actualmente o Consello da Emigración.

- Ampliación dos medios humanos e materiais nas Embaixadas e Oficinas Consulares, para axilizar a tramitación burocrática e dotar dunha información máis precisa e rápida aos emigrantes que soliciten os servizos consulares.

**IV.1.9.1.1 A reforma da LOREX**

O BNG considera fundamental unha reforma da LOREX que permita o estabelecemento dun réxime electoral que supoña un avance no sistema democrático. Para iso, o BNG defenderá a reforma da LOREX, regulando o sufraxio de acordo cos seguintes criterios:

- Nas eleccións a cortes xerais, e ao parlamento europeo, o dereito de sufraxio corresponderá aos residentes en territorio estatal e, no caso dos non residentes, a quen nacera ou residira un mínimo de anos en territorio estatal, sempre e cando non teñan recoñecido este dereito no país da súa residencia.

- Nas eleccións locais a participación debe limitarse aos residentes no municipio, incluídos os non comunitarios que residiran de forma permanente e continua nos mesmos nos cinco anos anteriores á convocatoria. Nas eleccións autonómicas a participación limitarase aos cidadáns residentes en Galiza.

- Nas eleccións xerais e europeas a acreditación da condición de elector dos residentes ausentes farase de oficio pola administración electoral por medio do cruce de datos censais cos Estados nos que estes cidadáns residan, promovendo no seu caso a celebración ou modificación de convenios internacionais que a fagan posíbel.

- Modificarase o actual sistema electoral estabelecendo unha circunscripción electoral propia para os residentes ausentes nas eleccións a Cortes Xerais. No entanto, e de conformidade co principio constitucional de representación proporcional, a distribución de escanos entre as diferentes circunscripcións provinciais debe facerse en función do censo electoral, incluído o censo especial de residentes no exterior.

- Reformarase o procedemento electoral, de xeito que se equipare efectivamente oi voto interior e voto no exterior a través da constitución de mesas e colexios electorais no exterior e do voto por correspondencia rogado para quen non vote de forma presencial.

- Regularase a campaña electoral no exterior.

### IV.1.9.2 Inmigración

O desenvolvemento regulamentario da "Lei orgánica sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social", ten corrixido, na práctica, as principais eivas da citada Lei, constituíndo un avanzo no exercicio de dereitos fundamentais polos inmigrantes, porén, o BNG defenderá que se profundice no tratamento do fenómeno migratorio apostando por un marco de integración social e de asunción positiva da pluralidade, e pola dignificación do estatuto xurídico dos estranxeiros residentes no Estado español a fin de evitar a explotación laboral dos inmigrantes e erradicar xermolos de xenofobia, para iso plantexaranse propostas de política migratoria que persigan:

- Fortalecer a seguranza xurídica en materia de inmigración, reducindo a marxe de discrecionalidade da Administración e a indefensión que iso provoca nos estranxeiros residentes.

- Recoñecemento dos dereitos e liberdades fundamentais a todas as persoas residentes (entre outros: reunión, asociación, sindicación, folga), así como os dereitos económicos e sociais plasmados na Constitución (educación, asistencia sanitaria, protección social ou acceso á vivenda).

- Garantir o dereito de asilo, acometendo as reformas legais necesarias para que as solicitudes presentadas sexan atendidas e resolvidas conforme ao dereito internacional, por medio de procedementos específicos diferenciados.

- Garantir o dereito á integración lingüística e cultural das persoas inmigrantes, desenvolvendo os programas precisos de asesoramento e formación na lingua e cultura de Galiza.

- Intensificar a cooperación activa cos países en situación de crise económica e social, a través da ampliación das partidas destinadas ao Fondo para a Axuda ao Desenvolvemento, e o estabelecemento de relacións económicas e comerciais xustas que permitan o progreso económico e a creación de condicións favorábeis para que a súa poboación poida emprender unha vida digna na súa propia terra.

## IV.2 POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL

### IV.2.1 Educación non universitaria

Para o BNG, a educación é un servizo público esencial, cuxa prestación debe ser universal e gratuíta nos tramos obrigatorios e na educación infantil, polo tanto, impulsaremos a concepción dun ensino público, laico e adaptado á realidade socioeconómica de Galiza, e demandaremos un considerábel incremento para a educación nos Orzamentos Xerais do estado, co obxectivo de acadar estes obxectivos.

A aprobación da LOE nesta lexislatura supuxo un avance positivo con respecto á anterior lei educativa, a LOCE, impulsada polo PP e que se definía polos elementos privatizadores e recentralizadores que contiña. A LOE supón un maior respecto ás competencias autonómicas, fronte aos abusivos decretos de ensinanzas mínimas do PP. Porén, a LOE aínda conserva algúns elementos negativos da LOCE, como o proceso privatizador, con concertos educativos na etapa infantil e no ensino postobligatorio, a equiparación de centros concertados cos públicos ou a permanencia da materia de relixión como oferta obrigatoria dos centros. Así, o BNG presentou a esta lei 159 emendas durante a súa tramitación.

O BNG proporá as seguintes medidas para a vindeira lexislatura:

– Renegociar a débeda histórica en materia educativa, para efectivizar o cumprimento dos compromisos contraídos con Galiza e para dotar o sistema educativo galego dos niveis de calidade necesarios.

- Impulsar medidas tendentes á gratuidade dos libros de texto, material didáctico, transporte escolar, actividades extraescolares e comedor.
- Transferir a Galiza as competencias plenas en materia de bolsas e axudas ao estudo, que comprenderá a regulación dos requisitos e baremos para a súa concesión, a xestión e a fiscalización, comprometendo as dotacións orzamentarias suficientes. Así mesmo, demandar un incremento nas dotacións destinadas ás mesmas, co obxectivo de se situar, nun prazo non superior a cinco anos, no nivel medio de gasto por alumno na Unión Europea, e que o número de estudantes bolseiros sexa a maioría do total.
- Transferencia de todos os centros educativos ou formativos situados na Galiza que aínda dependen da Administración Central.
- Instar á reforma da Lei Orgánica da Formación Profesional e das Cualificacións, eliminando as medidas que atentan contra a diversidade nacional, cultural e lingüística do Estado español, e contra as competencias sobre ensino atribuídas ás Comunidades Autónomas para, precisamente, adaptalo a esa realidade plural. En especial, avogarase pola competencia autonómica plena na elaboración dos planos de estudo e deseños curriculares, na selección e formación do profesorado e pola vinculación do sistema de formación profesional ao sistema económico e produtivo máis próximo.
- Impulsar a oferta de ensino de Lingua, Literatura e Historia de Galiza, como materias optativas do Bacharelato noutras Comunidades Autónomas.
- Excluír do ensino regrado o ensino da relixión confesional, iniciando a renegociación dos Tratados e Acordos co Vaticano, así como coas demais confesións relixiosas que asinasen Convenios de similares características, para que a aprendizaxe da relixión sexa unha actividade complementar situada no ámbito das distintas confesións. Estudar unha alternativa ao ensino da relixión confesional que teña contidos sociais, históricos e culturais realmente aconfesionais. Evitar a presenza de simboloxía relixiosa nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

### IV.2.2 Universidade

Para o BNG, o ensino universitario debe ter un carácter público, onde se respecte a autonomía universitaria e se dote de financiamento suficiente, cun sistema de bolsas e axudas que permitan o acceso a toda a cidadanía, evitando a privatización encuberta á que os distintos gobernos estatais a queren conducir. Ao tempo, o modelo universitario debe ser acorde coa realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe do Estado.

Diante dos últimos pasos dados a nivel estatal na definición do novo marco no que se desenvolve o Sistema Universitario, (L.O.U. e reforma da mesma, Decretos de Graos e Posgraos…), O BNG ve con moita preocupación o retroceso na concepción da Universidade como servizo publico, polo que o BNG impulsará medidas para que se inverta o proceso emprendido, retomando o discurso da educación pública, en todos os niveis, incluído por suposto o

universitario, e as ensinanzas especiais, particularmente as impartidas nos Conservatorios Superiores de Música…

Para este cometido, esixiremos a elaboración dun plano de financiamento que implique a achega por parte do Estado dos fondos necesarios para emprender unha converxencia real con Europa no terreo do Ensino Superior. Un EEES respectuoso cun modelo de Europa de nacións, no que a autonomía das mesmas conte coas garantías suficientes, así como o respecto da propia autonomía universitaria. Así, desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:

- Instar a emprender unha nova reforma da L.O.U. que defina claramente o modelo de universidade pública, e elimine os enfoques centralizadores:
  a. Supresión da ANECA e transferencia dos seus recursos e medios aos órganos de avaliación que cada Comunidade Autónoma determinase en exercicio das súas competencias.
  b. Modificación dos mecanismos de acreditación do profesorado regulados na LOU co fin de os substituír por sistemas de acceso á función pública docente transparentes, obxectivos e respectuosos coas competencias autonómicas e coa autonomía universitaria.
- Incremento do financiamento das Universidades Públicas co fin de previr a súa privatización encuberta e de facilitar a súa integración nos espazos europeos de investigación (ERA) e de ensino superior (EEES) e facilitar a participación de proxectos das Universidades galegas no Programa Marco de I+D+i da UE. Débese tomar coma base da discusión a previsión da Conferencia de Reitores, dun 1,5% do PIB para o financiamento das Universidades.
- Transferencia á Xunta de Galiza das competencias e dos medios materiais da UNED, da Universidade Internacional Menendez Pelayo e institucións dependentes do CSIC radicadas en Galiza..
- Con respecto ao profesorado universitario, pularase pola modificación do sistema de recoñecemento da investigación (sexenios) co fin de substituílos por sistemas transparentes, obxectivos, específicos para cada área de coñecemento, e respectuosos das competencias autonómicas e da autonomía universitaria. Así mesmo, demandarase a mellora das súas condicións retributivas e o estabelecemento e esixencia da incompatibilidade entre a docencia na Universidade pública e en calquera centro privado.
- Garantía de que a carreira investigadora poda desenvolverse en condicións adecuadas velando polo recoñecemento de dereitos laborais e sociais e estabelecendo mecanismos que promovan a estabilidade laboral e a promoción profesional. Pularase pola conversión das bolsas de investigación en contratos de traballo.
- Incremento da porcentaxe de representación nos órganos da Universidade recoñecidos na LOU a estudantes e PAS.

– Transferencia á Xunta de Galiza dos recursos da AECI para cooperación universitaria internacional (programas PCI) e outros medios necesarios para a súa xestión.

– Nova política de Bolsas e Taxas:
  a. Transferencia das Bolsas á Xunta de Galiza, tal e como o ten negociado o BNG co Goberno central.
  b. Incremento dos recursos dedicados a Bolsas para os novos estudos de grao e posgrao, mellorando a súa dotación para recuperar a perda de poder adquisitivo dos últimos anos
  c. Definición dunha nova política de prezos públicos para estudos de grao e posgrao, que conxele o incremento que se ven producindo nos últimos anos, promovido desde o goberno central cos marxes que permite de subas de taxas.
  d. Incremento das axudas á mobilidade Erasmus e con terceiros países, favorecendo a dotación para os actuais bolseiros do MEC.

## IV.2.3 Cultura

A diversidade cultural e lingüística existente no Estado español non ten un correlato na política cultural deseñada desde o Goberno Central. Esta segue a responder a unha visión uniforme do Estado, e a súa aplicación serve como instrumento para fortalecer a asimilación, no canto de potenciar a cultura diferenciada en atención á realidade plural do Estado. Ademais de respectalas con lealdade, o goberno central debe fomentar as culturas nacionais como a galega, expresión de riqueza e diversidade cultural.
Polo tanto, o BNG, tendo en conta realidade pluricultural do Estado, e o reparto competencial vixente, considera acaído propoñer a supresión do Ministerio de Cultura.

No ámbito do patrimonio cultural e histórico, a Administración xeral do Estado segue a aplicar as dotacións procedentes do 1 por 100 cultural sen ter en conta a opinión de Galiza, causando descoordenación na protección e rehabilitación do patrimonio. Os museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal en Galiza seguen presentando moitas carencias das que o Estado é o responsábel, pola débeda histórica existente neste ámbito.

O BNG esixirá que mude a actitude mantida até o de agora desde os distintos Gobernos centrais de minorizar a cultura e lingua galega, apostando pola adecuación da política nesas materias á plural realidade histórica, cultural e lingüística do Estado, para o cal propoñemos:

- Impulsar a colaboración coa Xunta de Galiza para a rehabilitación do patrimonio histórico-artístico (mosteiros, igrexas, pazos, etc...), debendo aplicarse o 1% cultural conforme ás prioridades establecidas pola Xunta de Galiza.

- Na negociación do traspaso da titularidade de museos, arquivos e bibliotecas, deberá valorarse a débeda histórica en materia cultural, así

como a transferencia do crédito necesario para o pagamento do canon de préstamo das bibliotecas estatais.

- Promover as propostas do “Arsenal e Castelos da Ría de Ferrol”, a “Ribeira Sacra”, “Ancares” e “Camiños de Santiago do Norte” como candidaturas á declaración de Patrimonio da Humanidade. Así mesmo, promoverase a candidatura das tradicións orais galego-portuguesas para a súa inclusión na lista do Patrimonio Oral e Inmaterial da UNESCO.

- Incluír no Plan de Castelos as actuacións necesarias para a consolidación, conservación e restauración das fortalezas históricas galegas, axilizando as dotacións orzamentarias precisas para intervir naqueles castelos que presentan un estado máis precario.

- Contribuír á protección e posta en valor do patrimonio subacuático galego, co máximo respecto ás competencias da Galiza na materia.

- Recuperar para usos socioculturais os edificios militares en desuso, promovendo a elaboración entre a Administración Central, Autonómica e Local dun plano para a transferencia dos espazos urbanos sen interese e/ou uso para Defensa.

- Transferencia do Instituto Padre Sarmiento, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, dada a súa condición fundacional de institución galega.

- Instar a dixitalización e traslado de todos os fondos documentais galegos depositados nos arquivos estatais ao Arquivo Nacional de Galiza.

- Reclamar o traslado ao Arquivo da Rexión Militar do Noroeste con sede en Ferrol da documentación depositada no Arquivo Xeral da Mariña Española e no Servizo Histórico da Armada que fora enviada desde os Arquivos Militares situados na Galiza.

- Reclamar a presenza do goberno galego, mediante a consellaría con competencias na materia, en todas as entidades instrumentais do Ministerio de Cultura, en especial nos órganos reitores do INAEM, Instituto Cervantes, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, Sociedad Estatal de Acción Cultural en el Exterior e Instituto de Cinematografía y Artes Audiovisuales. Esixirase tamén un incremento do gasto do INAEM en Galiza.

- coñecemento e promoción da nosa cultura no Estado debe ser un compromiso do goberno central. O Ministerio de Cultura deberá programar, en colaboración coa Xunta de Galicia, unha ampla oferta cultural galega fóra de Galiza, en especial nos Institutos Cervantes, sen prexuízo da promoción exterior que desenvolva a Xunta de Galiza.

- Promover a revisión do Acordo sobre o sistema de representación autonómica nas formacións do Consello da UE de 2004, para ter

representación propia e efectiva en todos os foros e institucións comunitarios nos que se debatan asuntos culturais e audiovisuais. Así mesmo, teremos voz propia nas reunións relativas á aplicación da Convención sobre a protección e promoción da diversidade das expresións culturais, adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO en París no 2005.

- BNG insistirá na revisión das políticas económicas para darlle un tratamento específico aos consumos culturais, na liña da estratexia de Lisboa. Neste sentido, impulsará a mellora dos incentivos e beneficios fiscais aplicábeis ás industrias culturais, e promoverá a revisión da fiscalidade da cultura, que estimule a súa produción e consumo e, por tanto, o acceso á cultura de toda a cidadanía.

- Impulsarase a dixitalización e acceso en liña do material cultural galego, para un desfrute xeneralizado da cidadanía.

- Demandarase a axilización da construción da biblioteca e do arquivo de Ourense e do proxecto de construción do novo Arquivo Provincial de Pontevedra. Ao tempo, esixirase financiamento por parte do Estado da nova biblioteca de Vigo.

## IV.2.4 Lingua

Nestes case trinta anos de cooficialidade, constátase a negación, por parte dos diferentes Gobernos do Estado, de asumir consecuentemente a diversidade lingüística do Estado Español, o que se traduce nas escasas disposicións para favorecer a cooficialidade no seu ámbito: na Administración periférica do Estado, na Xustiza, os medios de comunicación de titularidade pública, etc... A actitude do Goberno caracterízase por unha falta de vontade para apoiar decididamente o impulso e a difusión de todas as linguas do Estado, e proba diso é a diagnose elaborada pola UNESCO sobre as linguas minoritarias, plasmada no "Atlas das Linguas do Mundo", onde a lingua galega aparece como un dos idiomas en perigo de desaparición. Para avanzar no recoñecemento real do carácter plurilingüe do Estado, o BNG propón:

- Garantir o cumprimento no Estado español da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, que o Congreso dos Deputados ratificou por unanimidade no ano 2001.

- Garantir a aplicación na Administración Xeral do Estado en Galiza do artigo 54.11 da lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, que estabelece o dereito cidadán a ser atendido en galego. A Administración debe garantir a capacitación lingüística das empregadas e dos empregados públicos para se expresaren en galego.

- Garantir o respecto pola toponimia oficial de Galiza e aplicala en todas as rotulacións, impresos, informacións, etc., dependentes de Administracións ou empresas públicas estatais, posto que son varios os organismos que incumpren a legalidade vixente: Dirección Xeral da Policía na expedición de

novos pasaportes, páxina web de FEVE, rotulación de estradas dependentes do Estado, etc.

- Esixir a RTVE que, dentro da súa consideración de servizo público en Galiza, manteña un uso do galego de acordo coa súa realidade legal e oficial, concretamente:
    a. Que recupere unha emisora de RNE en galego (Radio 4).
    b. Esixir o incremento das desconexións de RNE e TVE para Galiza, o potenciamento da produción propia nos centros territoriais e contidos relacionados coa vida social, cultural e política galega.
    c. Que, na emisión dixital, TVE ofreza versión en galego de todas as películas, retransmisións deportivas e espazos infantís e xuvenís.

– Corrixir a situación actual do galego nas páxinas web da maioría dos ministerios e organismos dependentes do Estado, xa que na actualidade, ou non existe versión en galego, ou esa versión non funciona, ou presenta defectos graves ou só supón unha tradución parcial e non actualizada.

– No relativo á Administración de Xustiza, verificar o cumprimento das recomendacións do Consello de Europa en 2005, que son as seguintes:
    a. As autoridades xudiciais criminais, civís e administrativas galegas levarán a cabo os procedementos en galego a petición dunha das partes.
    b. A Administración de Xustiza garantirá a efectividade do dereito das partes a empregar a lingua galega nos procedementos civís, criminais ou doutra caste.
    c. Levar a cabo as medidas precisas para asegurar que as partes dun procedemento son informadas especificamente da obriga das autoridades xudiciais en Galiza de levar a cabo os procedementos en galego se unha das partes así o solicitar, en conformidade cos compromisos adquiridos polo Estado Español baixo o artigo 9 da Carta.
    d. Levar a cabo as medidas necesarias para aumentar a proporción de persoal xudicial en Galiza, a todos os niveis e especialmente entre os xuíces e os fiscais, que use o galego como lingua de traballo nos tribunais.
    e. Desenvolver planos de ensino apropiados para o persoal xudicial así como para os/as avogados/as.

- Impulsar o emprego da lingua galega no ámbito dos Rexistros da Propiedade e Mercantil, reformando para iso a normativa rexistral e hipotecaria para permitir que os asentos se inscriban na lingua orixinal dos documentos presentados.

- Reclamar a utilización do galego e das outras linguas cooficiais do Estado no Congreso e no Senado.

- Garantir que exista versión en galego dos impresos, formularios, informacións, anuncios e rotulacións dos organismos, sociedades e empresas dependentes da Administración estatal na Galiza, con especial

atención aos formularios da Axencia Tributaria e á documentación da UNED.

- Garantir que a publicidade institucional da Administración do Estado se realice, ao menos, en lingua galega.

- Garantir a recepción das radios e televisións portuguesas en Galiza

- Levar a cabo accións encamiñadas ao fomento do coñecemento da lingua portuguesa, tais como garantir a recepción das radios e televisións portuguesas en Galiza e esixir a realización dun convenio bilateral co Estado portugués en materia lingüística para Galiza. Ademais, o BNG demandará ao goberno central que facilite e financie programas de intercambio cultural da Galiza cos países lusófonos.

## IV.2.5 Deporte

O BNG impulsará nas Cortes Xerais políticas encamiñadas a que o deporte acade a importancia social e educativa que debe ter como actividade fundamental para o desenvolvemento integral das persoas, propondo a adopción de medidas como:

- Traspasar a Galiza a xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza, territorializando as dotacións orzamentarias do Consello Superior de Deportes, para garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.

- Proporase a redución da presenza en Galiza da Administración Xeral do Estado no ámbito deportivo, para fomentar as políticas propias sen inxerencias neste eido.

- Asegurar un funcionamento democrático das federacións deportivas, e regular dun xeito máis racional o papel das distintas federacións deportivas na formación deportiva e no apoio aos novos valores deportistas.

- Articular a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais, e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de xeito directo.

- Acadar centros de alto rendemento deportivo modernos e eficaces en Galiza para que as e os nosos deportistas non teñan que se ver obrigados a emigrar para completaren a súa tecnificación deportiva.

- Impulsar o deporte e a actividade física dentro do propio sistema educativo.

- Impulsar a igualdade de xéneros a través do deporte, promocionando o deporte feminino, tanto no deporte de competición como de alto nivel.

## IV.3 POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL

O Medio Ambiente está a sufrir continuas agresións a consecuencia dun modelo produtivo que deixa nun segundo plano o desenvolvemento sostíbel, e que ten xerado problemas como os seguintes:

- A Contaminación atmosférica.
- O cambio climático, co seu efecto invernadoiro motivado pola destrución da capa de ozono.
- Esgotamento da auga doce e a súa acidificación.
- O aumento da acidez dos chans.
- A contaminación das augas e dos chans.
- Uso abusivo de pesticidas e fertilizantes.
- Grande cantidade de residuos industriais, sanitarios, urbanos, agrícolas e gandeiros non tratados.
- Perda de biodiversidade.
- Deforestación e desertización.

O BNG, consciente da gravidade desta situación, defenderá nas Cortes Xerais unha política activa na defensa e conservación do medio ambiente. Con esta finalidade, e no ámbito das competencias estatais en medio ambiente, o BNG exercerá unha actuación que aposte polo desenvolvemento sostíbel, pola satisfacción das necesidades presentes sen comprometermos a dispoñibilidade de recursos para as xeracións futuras, promovendo a adopción das seguintes medidas:

- Manter o compromiso coas medidas tendentes á redución dos gases con efecto invernadoiro, instando ao Goberno a intensificar a súa defensa a nivel internacional a prol da adhesión e aplicación do Protocolo de Kioto, segundo os prazos acordados en Bali.

- Defender o cambio de modelo enerxético, coa substitución progresiva das enerxías contaminantes por renovábeis.

- Impulsar estratexias que leven ás industrias á minimización da xeración de residuos, ao incremento da eficiencia e ao aforro enerxético.

- Estabelecer gravames fiscais ás empresas que utilicen sistemas contaminantes nas súas actividades industriais.
- Defender a non-proliferación da enerxía nuclear, opóndose a calquera tentativa de volver á construción de novas centrais nucleares no Estado español.

- Profundizar no seguimento e control das emisións de compostos químicos polas industrias para evitar problemas nos ecosistemas.

### VI.3.1 Mellora ambiental de Galiza

Ademais dos citados obxectivos globais, o BNG defenderá o impulso de políticas que permitan a eliminación dos problemas medioambientais máis

específicos de Galiza como os continuos vertidos de petróleo e axentes contaminantes no mar, os incendios forestais, a localización de fabricas contaminantes e/ou con mal manexo de residuos etc.

O BNG defenderá, no ámbito das competencias estatais, a aplicación de políticas orientadas a preservar a diversidade ecolóxica de Galiza e a impulsar a utilización dos recursos sen que muden de xeito irreversíbel ou substancial as características do noso medio ambiente, polo que se promoverá:

- A transferencia de todas as competencias sobre as augas continentais que discorran por territorio galego, as relativas á loita contra a contaminación mariña, así como concretar o traspaso do Parque Nacional Illas Atlánticas.

- O impulso e finalización da recuperación ambiental do litoral afectado polo vertido do "Prestige", incluíndo a limpeza dos fondos mariños, executando planos específicos de repoboación, que restauren a biodiversidade.
- O impulso aos Planos para o saneamento integral das rías galegas, mediante convenios entre a Xunta e o Ministerio de Medio Ambiente.

- Construír centros de almacenamento na costa galega, dotados de medios materiais e persoal especializado dabondo, así como de instalacións para a recepción de refugallos e substancias contaminantes, co obxectivo de posibilitar unha retirada rápida de vertidos contaminantes ao mar.
- Defender, dentro das competencias estatais, a construción das estacións depuradoras de augas residuais na Galiza.

- Impulsar o soterramento dos tendidos de alta e media tensión que discorran á beira de núcleos de poboación.

## IV.4 POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE

Galiza viña padecendo un retraso histórico a respecto da realización de infraestruturas no seu territorio, o que impediu que tivese un desenvolvemento económico parello a outras zonas do Estado e de Europa, esta situación obedecía a deseños de políticas discriminatorias co noso país, que eran consecuencia da falta de peso político do mesmo no conxunto do Estado.

O inicio da VIII lexislatura nas Cortes Xerais do Estado non significou, nun primeiro momento, unha mudanza desta situación, xa que o goberno do PSOE, nos Orzamentos para o 2005, planificou uns investimentos en Galiza que supoñían unha porcentaxe do 5'30% sobre o total do Estado. Foi no momento en que o BNG foi determinante nas Cortes cando comezou a corrixirse esta situación, incrementándose nos últimos anos da lexislatura o ritmo inversor do Estado en Galiza, grazas á presión exercida polo BNG nas negociacións mantidas co Goberno Central para a aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, nos tres últimos exercicios, onde o BNG conseguiu un sobreinvestimento de máis de 200 millóns de euros nos investimentos do Estado en galiza, cuxo fito culminante foi o feito de que o BNG conseguise nos

Orzamentos do Estado para o 2008, que o investimento en infraestruturas para Galiza, sexa superior ao 8% do previsto para o conxunto do Estado, superando os 2.000 millóns de euros e iniciando unha tendencia que, de consolidarse, permitirá saldar, nun periodo de dez anos, a débeda histórica que mantén o Estado con Galiza en materia de infraestructuras.

O BNG defenderá que este ritmo inversor en infraestruturas en Galiza se manteña e mesmo poida incrementarse, mais para iso é necesario acadar unha forte presenza do nacionalismo galego nas Cortes Xerais do Estado, que permita que o BNG sexa decisivo e poida condicionar a política do goberno central en relación a Galiza, o que constituirá unha garantía para acelerar os prazos de execución das grandes infraestruturas pendentes, e para acometer novos proxectos.

En síntese, a acción política do BNG nas Cortes do Estado terá como obxectivo a execución do Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes (PEIT), tendo en conta as necesidades de Galiza, orientándose, con carácter preferente, cara á programación daquelas infraestruturas que sirvan para a cohesión territorial do país; mais axilizando tamén a realización das comunicacións de Galiza co Norte de Portugal, a cornixa cantábrica e a meseta, obtendo do Estado os compromisos orzamentarios que as posibiliten.

## IV.4.1 Ferrocarrís

O BNG ten traballado arreo nas Cortes Xerais para que os prazos e os compromisos orzamentarios en relación coa modernización ferroviaria de Galiza se fosen concretando de maneira cada vez máis clara en función de prioridades na execución e un deseño adecuado. Nos tres últimos anos avanzouse nos compromisos orzamentarios e na execución de obras. Nembargantes, queda moito por facer para que se poda albiscar un horizonte temporal certo no remate de todos os itinerarios denominados de alta velocidade. Sen esperar a contar con estes itinerarios totalmente executados, o BNG optou por defender xa a mellora dos servizos ferroviarios dentro de Galiza e os de longo percorrido, malia as limitacións de infraestrutura. O BNG continuará na vindeira lexislatura esixindo o mantemento dun ritmo inversor que garanta os seguintes obxectivos:

### IV.4.1.1 Execución de infraestruturas.

- Inicio das obras no tramo de conexión coa Meseta, Lubián-Ourense, no ano 2008 coa finalización da plataforma e da vía no ano 2012.

- Inicio das obras do tramo Vigo (saída sur)-fronteira portuguesa no 2008-2009, co compromiso de que a conexión con Porto estará operativa en 2012-2013.

- Execución da partida orzamentaria para 2008 no subtramo Ferrol-Betanzos e garantía de continuidade das obras neste subtramo e/ou o subtramo Betanzos-Uxes en 2009, coa finalizacións das mesmas en 2012.

- Acelerar os trámites administrativos en curso dos tramos Ourense-Lugo-A Coruña, Ourense-Vigo e Ponferrada- Monforte, de forma que se podan comezar as obras nestes itinerarios a partir de 2009 e cun horizonte temporal de execución que non sobrepase o 2015.

- Definir o denominado corredor do Cantábrico en territorio de Galiza co inicio de obras durante a lexislatura.

- Construír os accesos ferroviarios aos portos Exteriores de Ferrol e A Coruña e anovar os accesos por tren no resto dos portos de competencia estatal.

- Elaborar un plan de acceso ferroviario a Polígonos Industriais ubicados nas proximidades das infraestruturas ferroviarias.

- Negociación da transferencia de tramos do ferrocarril convencional abandonados pola execución das novas infraestruturas, concretamente o itinerario Vilagarcía-Santiago ao seu paso por A Escravitude, Padrón, Pontecesures e Catoira.

- Iniciar os traballos de electrificación dos itinerarios de alta velocidade a partir de 2008, de maneira que existan tramos coherentemente electrificados en territorio de Galiza no horizonte de 2012.

**IV.4.1.2 A mellora dos servizos**.

- Estabelecemento dos servizos de cercanías nas áreas metropolitanas Vigo-Pontevedra, A Coruña-Ferrol, Santiago-Vilagarcía, Lugo-Sarria-Monforte- Ourense-O Barco.

- Exixencia dun Plano de mellora dos servizos ferroviarios inter-cidades na Galiza, especialmente nos itinerarios máis desatendidos: Santiago-Ourense, Ourense-Lugo, A Coruña-Ferrol-Lugo, Vigo-Ourense e Vigo-Porto, con dotación de novo material por Renfe e optimización dos recursos humanos.

- Mellora progresiva de todos os trens de longo percorrido a Madrid, Barcelona e Euskadi, aproveitando a posta en funcionamento de itinerarios de alta velocidade e coa dotación de material adecuado para gañar en confort e en tempo de viaxe, de forma que os usuarios vaian notando paulatinamente estas melloras.

- Acondicionar a liña de FEVE en Galiza, coa duplicación e electrificación do tramo de cercanías Ferrol-Xuvia, o acceso a portos e Polígonos Industrias e a potenciación do tráfico de mercadorías. Estabelecemento de servizos de cercanías na Mariña luguesa.

- Negociación co Goberno para a transferencia dalgunhas liñas interiores de ferrocarril a un Ente público ferroviario galego e creación dunha compañía pública galega para a prestación de servizos, como forma de

autoresponsabilidade e de correcta utilización de fondos públicos de Galiza, hoxe en certa maneira despilfarrados nos sucesivos Convenios con Renfe.

## IV.4.2 Estradas

Na última lexislatura, o BNG conseguiu que se aumentase o investimento na construción e mellora das infraestruturas viarias na Galiza, mais Galiza precisa incrementar este ritmo inversor, para ser destinataria de maiores investimentos e rematar as grandes vías de comunicación viaria que o país precisa.

O BNG utilizará a súa presenza no Congreso dos Deputados e no Senado para que en Galiza se efectúen as seguintes actuacións:

- Priorizar os tramos galegos da Autovía do Cantábrico, contemplando compromisos orzamentarios para os rematar na vindeira lexislatura.
- Completar a estrutura básica de comunicacións interiores de Galiza por estrada, coa execución das autovías libres de peaxe que conecten Pontevedra e O Salnés coa A-52 e Portugal, e Santiago-Lugo; a realización do desdobramento do itinerario Lugo-Sarria-Monforte-Valdeorras (conexión da Galiza interior co Cantábrico e a Meseta); o desdobramento da estrada Lavacolla-Curtis, conectandoa coa A6; dotar orzamentariamente o dedobramento do corredor Lalín-Chantada-Monforte-Barco de Valdeorras; e a realización das obras necesarias para completar e mellorar os accesos ás autovías e autoestradas de Galiza.
- Suprimir ou rebaixar as peaxes das autoestradas de titularidade estatal na Galiza.
- Compromiso orzamentario para a mellora da rede viaria de competencia estatal, con especial atención á supresión de puntos negros e mellora de tramos con alta siniestraliedade.

## IV.4.3 Aeroportos

A acción do BNG irá encamiñada a reclamar transferencia da xestión e da titularidade á Xunta de Galiza dos tres aeroportos galegos para impulsar un sistema aeroportuario integrado, que procure a especialización e complementariedade dos tres aeroportos galegos para atender ás distintas demandas (trafico internacional, interno, compañías de baixo custe, mercadorías). Así, o BNG reclamará a desclasificación dos aeroportos de Alvedro e Peinador como aeroportos de interese xeral, pasando a ser xestionados, deste xeito, pola Xunta de Galicia. Con respecto a Lavacolla, buscarase unha fórmula que, cando menos, garanta a participación autonómica na súa xestión.

Alén da súa transferencia, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Aposta pola reestruturación do espazo aéreo e a descentralización do tráfico aéreo, co estabelecemento dun centro de control do tráfico aéreo internacional na Galiza, de forma que se incremente a oferta de voos directos cara a Europa e América desde Galiza.

- Elaboración dun novo Plano Director do aeroporto de Lavacolla que potencie o seu carácter internacional.

- Melloras das conexións e prestacións dos aeroportos de Alvedro e Peinador, acelerando os investimentos para mellorar os servizos e permitir a súa plena operatividade baixo calquera situación meteorolóxica.

## IV.4.4 Portos

O Goberno central mantén unha férrea centralización das competencias en materia de portos de interese xeral, negando calquera posibilidade de incrementar a participación das Comunidades Autónomas nos portos de interese xeral. Polo tanto, a acción do BNG irá encamiñada a avanzar na asunción de maiores competencias das CCAA na dirección e xestión dos portos de interese xeral. Ademais o BNG propugna un modelo portuario caracterizado por unha intervención pública acentuada para garantir unha planificación ordenada das infraestruturas portuarias que responda aos intereses xerais, polo que se levarán a cabo as seguintes iniciativas:

– Reivindicar a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galiza sobre os portos de interese xeral na Galiza, avanzando, en primeiro termo, nunha maior capacidade para decidir na planificación e ordenación territorial dos portos e no control das súas actividades.

– Creación dun "pool" dos cinco portos de interese xeral de Galiza, potenciación dos investimentos e satisfacción da débeda histórica cos portos galegos, consecuencia do desvío de inxentes cantidades produto da explotación portuaria do Estado español no seu conxunto para determinados portos situados fóra da Galiza.

– Reforma da lexislación sobre servizos portuarios de xeito que se manteñan como servizos públicos a realizar polas Autoridades Portuarias as operacións de tráfico portuario, tais como practicaxe, remolque portuario, amarre e desamarre de buques, servizos á pasaxe de buques, servizos de manipulación e transporte de mercadorías, etc.

– Potenciar o tráfico intermodal nos portos galegos, a dotación das infraestruturas necesarias para posibilitar o tráfico de contedores a todos os portos de interese xeral de Galiza e garantir unha dotación suficiente de persoal e medios nos puntos de inspección fronteiriza.

– Garantirase un ritmo inversor adecuado para o remate no prazo máis breve posíbel dos Portos Exteriores de Ferrol e A Coruña. Reclamarase o financiamento do Estado para garantir os investimentos nos portos dependentes da Xunta de Galiza para a súa modernización e mellora dos seus servizos.

## IV.4.5 Tráfico marítimo

A catástrofe do buque “Prestige” puxo en evidencia que as costas galegas veñen soportando unha situación de risco moi elevada, realmente inaceptábel. Temos que constatar melloras experimentadas nos últimos tempos na dotación de medios, que aínda sendo limitadas, teñen a súa explicación na presión social -Plataforma Nunca Máis- e na presión política do nacionalismo galego. Aínda así, as costas galegas seguen a vivir unha alta situación de risco, moito máis tendo en conta a experiencia sufrida polo noso país nos últimos 40 anos.

Sendo as costas do país as máis azoutadas de Europa por episodios de contaminación mariña, cómpre incrementar a participación das institucións galegas nesta materia, concedéndolles un maior protagonismo a través dun marco competencial máis amplo, polo que impulsaremos a transferencia a Galiza das seguintes competencias:

– Seguranza, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña nas costas galegas, tanto normativas como de desenvolvemento e execución, así como delegación nas institucións galegas das funcións de inspección de buques e todas aquelas vinculadas á navegación marítima.

– Servizos de salvamento marítimo, traspasando os medios adscritos á Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo (SASEMAR) na Galiza e os relativos aos servizos de meteoroloxía, hidrografía e control do tránsito marítimo.

– Dominio público marítimo e marítimo-terrestre, así como a competencia exclusiva nas 12 millas.

– Competencias en materia de navegación marítima, incluíndo os servizos que realizan na actualidade as Capitanías Marítimas, faros e sinais, determinación de canles de entrada e saída nas rías, inspección de buques, control do tránsito marítimo, etc.

– Os cometidos e potestades que aínda ten atribuídos a Garda Civil do Mar e a Armada española

Ademais, o BNG impulsará a actuación de organismos e autoridades a nivel estatal, europeo e internacional que comprenda medidas contundentes para diminuír o risco soportado na navegación marítima, e para que remate a situación de indefensión das costas galegas. Cómpre aprobar unha lexislación sobre tráfico e seguranza marítima que actúe na prevención do risco do transporte por mar. Por todo isto, o BNG levará a cabo nas Cortes Xerais as seguintes actuacións:

– Reforzo dos criterios de calidade aplicábeis ás sociedades de clasificación de buques, incorporándoas á cadea de responsabilidades obxectivas polos danos derivados de sinistros marítimos. Reforzo dos controis e inspeccións

sobre as embarcacións nos portos e eliminación da práctica do autodespacho.

- Instar ás institucións europeas a cumprir integramente o paquete de medidas ERIKA II, tanto no que atinxe á mellora da seguridade marítima como ao Fondo de Indemnización.

- Ordenación da responsabilidade penal, civil e financeira dos actores do transporte marítimo, implantando un réxime de responsabilidade obxectiva e ilimitada no caso de catástrofes ecolóxicas. De xeito complementar á reparación de todos os danos causados, adoptarase un severo réxime de sancións.
- Incrementar a flota de salvamento e anticontaminación cos seguintes medios:

  a. Un novo remolcador de altura, con potencia de tiro igual ou superior ás 150Tns., de titularidade pública.

  b. Un novo helicóptero de salvamento, de titularidade pública, e con tripulación suficiente para manter presenza permanente na base.

  c. Presenza permanente en Galiza dun buque anticontaminación

- Pularase pola supresión do método de contratos con empresas privadas para a prestación de servizos de salvamento da vida humana no mar, quer nos buques, quer nas aeronaves, ou no sistema de comunicacións, pulando porque este servizo sexa público.

- Acurtar o tempo de resposta en caso de emerxencia marítima, mellorando medios e sistemas de radiocomunicacións marítimas e garantindo a escoita permanente da Canle 16VHF. Así mesmo, garantirase a cobertura radar plena do litoral galego e a cobertura satelitaria do noso litoral, a fin de detectar verteduras e "sentinazos" e realizar un seguimento da súa traxectoria, así como disuadir a buques potencialmente infractores da realización destas prácticas ilegais.

## IV.5 POLÍTICA DE SEGURANZA E XUSTIZA

Durante os catro anos de goberno do PSOE en Madrid, salvo lixeiras modificacións, non houbo un cambio real do modelo penal, xa que todas as leis penais -agás a criminalización da convocatoria de referendo - aprobadas durante a maioría absoluta do PP seguen en vigor.

Esta perspectiva predominantemente retributiva do modelo penal ten provocado un aumento da poboación penitenciaria no Estado e na Galiza; así como un excesivo tratamento criminolóxico do fenómeno inmigratorio (cun evidente aumento da porcentaxe destes dentro da poboación carceraria).

O certo é que o problema da criminalidade continua a ser tratado desde unha óptica principalmente securitaria, sen afondar na súa relación coas cada vez máis evidentes diferenzas sociais.

O BNG defenderá un modelo de dereito penal resocializador, que persiga a redución das taxas de criminalidade e a seguranza das persoas, e que sexa respectuoso co sistema de garantías democráticas e as conquistas do Estado social.

## IV.5.1 Seguranza cidadá

A elaboración dunha alternativa global á política de seguranza cidadá vén motivada pola necesidade de superar esa visión reducionista do problema, circunscrita exclusivamente ao seu tratamento penal, que parta dunha diagnose verosímil da delincuencia, teña en conta a análise das múltiplas causas da criminalidade e achegue propostas que exploren outras vías capaces de solucionar a conflitividade social fóra da presión policial e do agravamento do castigo penal.

Ademais, os reforzos dos cadros de persoal policiais non contribúen especialmente na Galiza á loita contra a inseguranza cidadá, mentres non sexa adoptada unha solución satisfactoria que resolva o deficiente modelo policial que temos importado de épocas centralistas e predemocráticas, e que necesariamente ha de pasar pola implantación e extensión dun modelo policial propio acaído para o noso país, tendo en conta as peculiaridades a respecto da dispersión xeográfica e poboacional.

- Posta en marcha dun Programa de Prevención, que teña en conta a colaboración e cooperación de todas as Administracións, que atenda prioritariamente as zonas e os sectores sociais máis sensíbeis, e onde os índices de delincuencia estean asociados á desestruturación social e á marxinalidade, ou a problemas económicos e laborais, ao tempo que conteña as medidas socioeconómicas, educativas e asistenciais precisas para posibilitar a inserción social.

- Potenciar a coordinación entre os departamentos policiais e os servizos sociais, a fin de afondar na prevención do delito e non simplemente no control das condutas delitivas.

- A posta en marcha da Policía Galega, dando cumprimento ao disposto no Estatuto de Autonomía, a fin de que haxa unha actuación conxunta e unificada nun corpo policial propio en Galiza, realizando unha distribución racional dos seus efectivos, acorde coas necesidades e a realidade do país. Para facer posíbel a súa implantación, ao tempo que se transfiran os recursos humanos e materiais doutros corpos policiais á Comunidade Autónoma, garantirase o axeitado financiamento para completar todo o proceso.

- A creación dunha Xunta de Seguranza de Galiza, baixo a supervisión e dirección da Xunta de Galiza, que coordine a actuación de todos os corpos

policiais e que teña por obxecto o impulso dun Plano Autonómico de Seguranza que fixe os obxectivos e a estratexia de actuación en materia de seguranza cidadá e loita contra a criminalidade.

- Reforzar a loita contra o crime organizado e as mafias, incrementando os equipos de investigación e os operativos policiais destinados á súa erradicación, e revisando a lexislación penal para axilizar a intervención no patrimonio incautado ás persoas integrantes das bandas criminais organizadas.

- Proceder á desmilitarización efectiva do corpo da Garda Civil.

- En tanto non houber a efectiva implantación dunha Policía Galega, garantirase a presenza dos símbolos de Galiza nas instalacións da Policía e da Garda Civil.

### IV.5.2 Seguranza viaria

O BNG considera primordial a transferencia das competencias en materia de tránsito e seguranza viaria, nos termos da Proposición de Lei Orgánica que está a aprobar, co especial pulo do BNG, o Parlamento de Galiza e que chegará ás Cortes Xerais ao comezo da vindeira lexislatura.

Galiza precisa autorresponsabilizarse da xestión do tránsito e seguranza vial, de xeito que se poida facer frente con maior eficacia a elementos diferenciais da realidade galega que están detrás da alta siniestralidade viaria de Galiza, como a maior densidade viaria, a dispersión poboacional, unha climatoloxía que non se corresponde coa de outras zonas do Estado, ou a inexistencia dun servizo público axeitado.

O BNG promoverá o coñecemento das causas reais dos accidentes, para poder articular unha acción coordinada que permita incrementar a seguranza viaria, reducir os accidentes e, sobre todo, facer diminuír o número de persoas que falecen ou sofren feridas nas estradas. Mais isto so será posíbel coa asunción de competencias nesta materia por parte da Administración autonómica galega, o que permitirá deseñar políticas propias para a mesma. Por todo iso, o BNG defenderá, nas Cortes Xerais do Estado, que se adopten as seguintes medidas:

- A transferencia efectiva das competencias en materia de seguranza viaria a Galiza, asegurando a dotación suficiente para dotar da vixilancia axeitada a rede de estradas galega, así como para as restantes funcións relacionadas coa materia.

- Realización dun inventario de todos os tramos viarios onde se produce unha elevada concentración de accidentes, e articulación dun Plano que fixe prazos e dotacións concretas, para, en primeiro termo, proceder á súa sinalización co fin de previr situacións de risco e, finalmente, conseguir a súa eliminación.

- Estudo do estabelecemento de zonas con limitación de velocidade máxima a 30 quilómetros/hora, nas proximidades de centros escolares, sanitarios, residencias de persoas maiores, etc.

- Intensificación da divulgación de campañas de prevención especificamente dirixidas aos/ás mozos/as co obxectivo de previr as condutas de risco.

- Incremento dos créditos orzamentarios dedicados á conservación e mellora da sinalización das estradas.

- Implantación nas estradas de sistemas de protección laterais con perfís non agresivos, a fin de evitar as mutilacións dos motociclistas.

- Vinculación das axudas á industria automobilística á incorporación xeneralizada nos vehículos de novas tecnoloxías que axuden a garantir a seguranza dos viaxeiros.

- Inclusión da educación viaria no ensino obrigatorio e mellora da formación dos condutores.

- Estudo da implantación de limitadores de velocidade nos vehículos, comezando polos dedicados ao transporte de mercadorías, de viaxeiros e dos condutores con menos tempo de experiencia, na perspectiva da súa xeneralización no futuro.

- Mellora das coberturas ofertadas polo Consorcio de Compensación de Seguros a prezos asequíbeis, como medida para evitar a circulación de vehículos sen cobertura aseguradora obrigatoria.

- Propor a implantación de equipos de axuda e asistencia, tanto psicolóxica como xurídica, ás vítimas dos accidentes de tráfico, así como ás súas familias.

### IV.5.3 Xustiza

A mellora da Administración de Xustiza na Galiza pasa necesariamente por unha asunción de maiores competencias por parte da Administración autonómica, de xeito que o sistema xudicial se adecúe á nosa realidade, mediante a aprobación dunha nova Lei Orgánica do Poder Xudicial. Para iso, o BNG defenderá:

- Converter o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no órgano xurisdicional onde remate a organización xudicial na Galiza, perante o cal se esgoten as sucesivas instancias procesuais, contribuíndo con iso a paliar a gravísima dilatación dos procesos xudiciais.

- Atribución á Xunta de Galiza das competencias para o deseño e modificación da demarcación e planta xudicial na Galiza.

- Promover accións inequívocas para a progresiva e real normalización lingüística no ámbito do Dereito en xeral (notarios, rexistradores) e, de xeito particular, na Administración de Xustiza e os seus integrantes.

- O impulso dun tratamento penitenciario que incida na reeducación e reinserción social das persoas que cumpren condenas, coa aplicación das seguintes medidas: o fortalecemento de programas terapéuticos especializados dirixidos a persoas presas con problemas específicos (autores de agresión sexuais, de violencia de xénero, ou de delitos que implican un comportamento agresivo); fortalecemento dos programas para a desintoxicación e perda do hábito do consumo de drogas; a creación de postos de traballo nos centros penitenciarios; a facilitación das ofertas de traballo para as persoas internas nos cárceres; a mellora da asistencia sanitaria nos cárceres, de xeito especial a especializada; a construción de centros de inserción social, para as persoas en réxime de semiliberdade, que sirvan para o seguimento de medidas alternativas á prisión.

## IV.5.4 Forzas Armadas

Téñense producido algúns avances na última lexislatura no recoñecemento de dereitos e liberdades, para o persoal das Forzas Armadas, mais o BNG defenderá a ampliación dos mesmos, así como a efectiva adecuación ao marco autonómico da estrutura das Forzas Armadas.

O BNG defenderá que se siga avanzando na adecuación das Forzas Armadas ao marco democrático e descentralizado vixente:

- Ampliación do catalogo de dereitos e liberdades do persoal das Forzas Armadas, que incorpore o recoñecemento de todos os dereitos e liberdades fundamentais.

- Mudar a relación entre as Forzas Armadas e as Comunidades Autónomas, de xeito que se fixe a dependencia xerárquica dos cargos militares das autoridades autonómicas no ámbito civil.

- Reformar a normativa sobre protocolo, para que as autoridades da Comunidade Autónoma se sitúen por riba dos mandos das Forzas Armadas en toda a clase de eventos oficiais.

- Acometer a modificación da normativa sobre símbolos do Exército, para permitir a presenza da simboloxía de Galiza nas dependencias militares.

# IV.6 POLÍTICA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

## IV.6.1.Política industrial activa

Nos dous últimos anos Galiza está a medrar económicamente. Os nosos sectores produtivos demostraron que únicamente necesitaban do apoio preciso dende o goberno autonómico para convertir as súas potencialidades en feitos: crecemento económico, menor taxa de desemprego e maiores cotas de benestar social. Porén, é preciso asegurar que os fluxos financieiros procedentes tanto do Estado como da Unión Europea sexan investidos en Galiza dacordo coas nosas necesidades, é preciso impedir que dende o Estado se promovan políticas públicas que non sexan acordes cos os nosos intereses, froito de que esas políticas se deseñan tendo en conta realidades distintas.

Para que esto sexa posibel o BNG acometerá a defensa dos sectores produtivos galegos nas Cortes Xerais do Estado a través da proposta dunha política industrial e desenvolvemento empresarial activa que, combinando adecuadamente medidas horizontais e de caracter sectorial, lle permita superar os retos da globalización da economía. Esta política estará orientada a:

- Á consolidación dos sectores produtivos maduros do país, promover accións para aumentar o grao de internacionalización e a mellora da súa produtividade mediante a introdución das TIC.

- Á ampliación e diversificación do sector manufactureiro, cuxo peso relativo no PIB galego é moi inferior ao existente nos espazos avanzados impulsando a produción propia de bens de equipo.

- Á xeración de emprego, que permita continuar aumentando a actual taxa de ocupación galega co obxectivo de acadar o pleno emprego, estábel e de calidade.

- Á súa modernización a través do impulso de investimentos en procesos tecnolóxicos, maquinaria, formación de directivos e empregados co obxectivo de facilitar a adopción de novos métodos de produción ou a súa optimización.

- Ao equilibrio territorial, a través da consolidación de sistemas produtivos locais e o aproveitamento económico e social dos recursos endóxenos locais.

Para articular esta política, promoveremos a colaboración do Estado coa Xunta de Galiza, coas seguintes orientacións:

- Impulsar o fomento da cooperación e da conformación de redes e conglomerados empresariais, con especial atención á PEME e MicroPEME galega, cos obxectivos de incrementar as relacións inter e intrasectoriais e mellorar a competitividade do noso territorio.

- En relación coas grandes empresas presentes na economía galega, cómpre o desenvolvemento dunha estratexia orientada a completar os ciclos produtivos, ampliando a cadea de valor xerada no noso país, a implantación na Galiza de departamentos de I+D+I, así como o estabelecemento de acordos regrados coas súas empresas subcontratistas e provedoras locais e galegas, na procura da mellora da produtividade e da calidade dos produtos e servizos.

- Promover a conformación de redes de empresas de caracter horizontal, dada a limitada dimensión da maioría das empresas que compoñen o tecido produtivo galego, impulsando a formalización de acordos entre empresas, que afectarán, segundo os casos, o ámbito produtivo, o comercial, o tecnolóxico, o de formación, o de enxeñaría e o de deseño, baseados na reciprocidade de vantaxes e na procura de sinerxias que favorezan a súa posición competitiva.

- Facilitar o estabelecemento de empresas tractoras relacionadas cos nosos sectores industriais tanto maduros como emerxentes para potenciar a produción da industria auxiliar.

- Impulso da consolidación e expansión do sector da construción naval galego, no que teña que ver coas decisións do Estado. En especial, pularase para que o estaleiro de Fene recupere a plena capacidade de construción naval civil.

- Lograr que os Fondos Europeos sexan investidos en Galiza dacordo aos intereses do noso país e de forma coherente coas políticas públicas promovidas polo Goberno Galego.

- Desenvolver iniciativas políticas dirixidas a acadar unha maior participación galega nos fondos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para actuacións de reindustrialización.

## IV.6.2 Promoción das políticas de I+D+i

O BNG considera estratéxica a aposta firme e decidida por políticas que fomenten a I+D+i, tal e como demostra a actuación do BNG na Xunta de Galicia, así, a través de acordos específicos co Ministerio de Educación e Ciencia e co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial estase a conseguir unha maior penetración dos proxectos galegos nas convocatorias de axuda estatais.

Con respecto aos organismos públicos de investigación (OPI) de titularidade estatal radicados en Galiza, grazas ao convenio asinado entre a Consellería de Innovación e Industria e o CSIC, conseguiuse incrementar o orzamento destes centros e dispor de plans estratéxicos de futuro.

Ademais, faise preciso un apoio singular e diferenciado dende o Plan Nacional de I+D+i 2008-2011 ás comunidades obxectivo 1 como Galiza, así como un reparto do Fondo Tecnolóxico e de fondos estruturais acorde a esta circunstancia.

Neste contexto, o BNG levará a cabo as seguintes propostas:

- Seguir a incrementar a fracción do PIB dedicada a I+D, até acadar o 1,5 % sobre o PIB en 2010 e unha maior implicación do sector empresarial no gasto en I+D até chegar ao 50%. Así mesmo pularase pola súa descentralización, evitando a súa histórica e actual concentración, especialmente en Madrid.

- A adopción de medidas dirixidas á cohesión territorial en materia de I+D como:

    a) Financiamento estatal da instalación e dinamización en Galiza de todos aqueles centros de investigación de excelencia e centros tecnolóxicos que se están a promover dende o Plan Galego de I+D+I.
    b) Colaboración decidida e compromiso de cofinanciamento dos Programas centrais que forman parte do Plan Galego de I+D+I: o Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de I+D+I –que contempla a contratación de 500 investigadores e tecnólogos cada ano-, o Programa de Articulación do Sistema Galego de I+D+I –que busca favorecer a transferencia de coñecemento entre os organismos públicos de investigación e o sector empresarial a través, principalmente, do reforzamento dos mecanismos de interface como centros tecnolóxicos, plataformas tecnolóxicas e parques científico-tecnolóxicos- e o Programa de Comunicación e Sensibilización Social – que pretende sensibilizar á sociedade galega sobre a importancia de investir en ciencia e tecnoloxía-, así como os Programas que fomentan a investigación básica, a investigación aplicada e a innovación empresarial.
    c) Tal e como vén facendo o BNG dende o goberno galego, esixir o apoio a medidas de potenciación e creación de novas infraestruturas de apoio á innovación e prestación de servizos tecnolóxicos, como o apoio á creación de dúas novas infraestruturas científico-tecnolóxicas singulares en Galiza: o Supercomputador Finisterrae e a Unidade Tecnolóxica Oceanográfica.
    d) Impulsar o recoñecemento a nivel estatal das Plataformas Tecnolóxicas galegas, para que sexan equiparadas coas Asociacións de Empresas Innovadoras promovidas polo goberno central.

### IV.6.3 Impulso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) están a provocar importantes mudanzas nos comportamentos individuais e sociais creando novos hábitos de consumo, na organización da produción e do comercio, coa aparición de novas especialidades de actividade, de novos mercados e mais

coa alteración das pautas de funcionamento e de organización dos sectores tradicionais.

Estas mudanzas están a facerse patentes na nosa sociedade cunha presenza cada vez maior de servizos e aplicacións multicanle que estimulan a xeneración de contidos dixitais, como a TDT, internet, e os dispositivos móbiles.

Para unha sociedade como a galega, as TIC supoñen importantes riscos e oportunidades fronte aos que non podemos permanecer impasíbeis. Por un lado, as TIC contribúen ao proceso de mundialización económica ao favoreceren a interpenetración dos mercados, a mobilidade dos capitais, as grandes fusións empresariais e tamén a expansión planetaria das culturas hexemónicas, en particular da norteamericana; mais, por outro lado, é tamén certo que as TIC crean novos mercados e grupos de actividade baseadas no coñecemento en que a condición periférica perde relativamente a súa importancia e ofrecen novas canles para a presenza da cultura e a lingua galegas, facendo da diversidade cultural un valor e permitindo diferenciar as nosas producións no mercado mundial.

Co fin de facer reais todas estas oportunidades, o Goberno Galego tense dotado en marzo de 2007 do PEGSI cuxo despregue situará a Galiza en converxéncia co resto das CCAA. O cumprimento de todas as liñas estratéxicas e de actuación que nela aparecen é o compromiso e o empeño do BNG. Con este propósito, impulsaremos as seguintes actuacións:

- Instar ao Goberno do Estado a dotar unha maior aportación económica procedente dos Orzamentos Xerais do Estado respecto da inversión en infraestructuras de telecomunicacións, como compensación do déficit inversor nas últimas lexislaturas en Galiza nesta materia.

- Lograr que o Goberno do Estado desenvolva unha política de telecomunicacións que favoreza a competencia, o investimento en novas infraestruturas e o equilibrio territorial e, en concreto:

    a) Transferir a xestión e explotación do espazo radioeléctrico á Xunta de Galiza.
    b) Estabelecer que as tarifas de acceso á Internet estén na franxa media europea para unha calidade homologabel coa media Europea. Reducir os prezos de interconexión fixo-móbil aproximándoos aos custos reais do servizo.
    c) Defender ante o Estado a garantía do servizo universal.
    d) Fomentar os investimentos en novas infraestruturas de alta capacidade.
    e) Defender a concesión de licenzas de espectro radioeléctrico de ámbito autonómico.
    f) Impulso á completa implantación da TDT, posibilitando a recepción e a emisión interautonómicas e con Portugal.

- Promover a interoperabilidade e esixir o cumprimento dos estándares de accesibilidade

- Promover unha regulación europea e internacional de protección do software non baseada sobre a concesión de patentes, baseada na Lei de Propriedade Intelectual, na liña do acordado polo Parlamento Europeo en relación á Directiva de Invencións Implementadas en Computadora.

- Conquerir o apoio do goberno do Estado a consecución dun dominio galego de primeiro nível da Internet: o ".gal".

- Conquerir apoio para consolidar as actuais iniciativas de promoción e difusión do software libre do Goberno Galego, contribuíndo a fortalecer a comunidade de software libre de Galiza e moi especialmente á empresa TIC, aos grupos de usuarios de GNU/Linux e á comunidade de localización e promoción do uso do noso idioma na rede.

- Demandar a aceleración da implantación da documentación electrónica, nomeadamente do DNI Electrónico, así como dotar dun maior impulso á administración electrónica.

## IV.6.4 Política enerxética

O BNG impulsará un desenvolvemento mineiro e enerxético autocentrado e acorde ás necesidades e potencialidades do país, Co fin de reducir a dependencia enerxética, minimizar os impactos ambientais, nomeadamente o cambio climático, e promover unha actuación sustentábel no ámbito da produción, transporte e distribución, o BNG impulsará políticas de aforro e eficiencia enerxética que se concretarán en convenios entre Galiza e o Estado para promover o uso racional da enerxía por parte de administracións públicas, empresas e particulares.

Ademais, o BNG impulsará as seguintes medidas nas Cortes Xerais:

- BNG promoverá mudanzas no actual deseño fiscal do Estado Español para que as empresas que desenvolven actividade de explotación do subsolo ou de produción de enerxía eléctrica en territorio galego tributen á facenda galega pola parte proporcional que tales actividades supoñen dentro da base impoñible do imposto de sociedades, imposto do valor engadido e todos os demais tributos que proceda.

- BNG reclamará do Estado Español a transferencia efectiva de outorgar autorizacións administrativas a todas as instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica que estean localizadas en territorio galego.

- o BNG demandará que o Estado Español desenvolva cantos investimentos nas redes de transporte de enerxía eléctrica fosen necesarios para permitir en 2011 unha acaída interconexión de Galiza co resto da Península Ibérica e con Europa, e así acadar os obxectivos contidos no Plan Enerxético de

Galiza 2007-2012, nomeadamente todas as metas formuladas no ámbito das enerxías renovábeis (eólica, solar, biomasa, etc.),

- Nomeadamente, no sector da enerxía eólica, o BNG demandará do Estado que se posibilite o obxectivo de 6500 MW de potencia autorizada en Galiza no ano 2012 no ámbito terrestre. De igual maneira, o BNG reclamará as competencias efectivas para outorgar autorizacións administrativas das instalacións, con independencia da potencia instalada. Finalmente, o BNG esixirá que non se instalen no mar de Galiza parques eólicos mariños, dado o seu forte impacto medioambiental e a afectación que ocasionaría ao tráfico marítimo.
- BNG reclamará que o Estado remate a inclusión das redes galegas de transporte e distribución de gas natural dentro do sistema gasista peninsular por medio da construción do gasoduto Guitiriz –Ponferrada antes de 2012 e coa duplicación do gasoduto troncal Tui-Ribadeo no período de planificación que se estende até 2016.
- Demandarase do Estado un réxime económico para as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica que introduza abaratamentos nos prezos finais da electricidade para os consumidores que habitan os territorios que son, como o galego, excedentarios en produción de enerxía eléctrica para o consumo.
- Nun contexto, onde van desaparecer as tarifas eléctricas, o BNG reclamará que anualmente o Estado Español concerte con Galiza investimentos para a mellora da calidade da subministración eléctrica, nomeadamente nas zonas rurais do País, tendo en conta a singularidade dos factores de dispersión, orografía e clima.

## IV.6.5 Turismo

O BNG pulara para que na promoción turística que o Estado faga cara ao exterior, se dea traslado da realidade plurinacional e plurilingüe do Estado. A existencia de Galiza como país atlántico con elementos diferenciais que poden exercer de atractivo turístico debe ter cabida na promoción exterior por parte do Estado. Así, as oficinas de Turespaña deben apoiar a promoción diferencial turística de Galiza e das outras nacións do Estado.

Galiza conta con plenas competencias en materia de turismo, polo tanto, solicitarase que se transfira a xestión dos Paradores de Turismo que se atopan en Galiza; sen prexuízo de que a marca "Paradores" continúe baixo competencia do Goberno do Estado.

Dende o BNG impulsaranse medidas de recuperación de monumentos emblemáticos para dedicalos a fins turísticos. As obras acometeranse con cargo aos fondos procedentes do 1% cultural que estabelece a Lei do Patrimonio Histórico.

## IV.6.6 Comercio

O artigo 30.1.4 do vixente Estatuto de Autonomía de Galiza recoñece ao noso País competencias exclusivas en materia de comercio. Malia este recoñecemento competencial pleno, o goberno do PP na Xunta apenas utilizou a capacidade que o marco estatutario lle confería para a adecuación da nosa estrutura comercial ás necesidades e características específicas de Galiza, mesmo inhibíndose de lexislar desde o ano 1988.

Coa chegada do BNG á Xunta, a situación variou substancialmente. Comezouse a implementar unha política comercial propia e a exercer sen complexos as competencias recoñecidas estatutariamente, de acordo coas necesidades maioritarias do tecido comercial do País.

Neste sentido, cómpre salientar que criterios de interese xeral e formalmente asumidos hoxe en día por todas as forzas políticas representativas da sociedade galega, como o da necesaria compaxinación da vida persoal e laboral; o coidado do medio ambiente e dos contornos urbanos; a procura dunha maior calidade de vida ás persoas dependentes; a necesidade de fixar poboación no medio rural e a necesidade de crear canles de comercialización dos nosos produtos, son criterios que se están aplicando na política comercial do BNG no goberno galego. Así, impulsamos a Lei 13/2006 de Horarios Comerciais de Galiza, o Anteproxecto de Lei de Ordenación do Comercio Interior de Galiza e a creación dunha rede de establecementos multiservizo que baixo a denominación de *Comercio Rural Galego* se está implantando nas zonas rurais do País.

O BNG posúe, polo tanto, unha política comercial propia, canalizada actualmente a través da presenza na Consellaría de Innovación e Industria no goberno da Xunta de Galiza. E tal política é consecuencia da nosa vontade de asumirmos e exercermos plenamente as competencias exclusivas que, en materia comercial, corresponden á nosa nación. Polo tanto, a liña política a seguir polo BNG nas Cortes Xerais do Estado, terá unha dobre finalidade:

- A defensa inquebrantábel das referidas competencias que, respecto da política comercial, corresponden en exclusiva a Galiza, evitando eventuais intromisións do Estado nesta materia que supoñan unha inadmisíbel política recentralizadora.

- Apoio a todas aquelas medidas que afecten á planificación económica do Estado favorecedoras do intereses xerais da sociedade, co fin de evitar de que sexa unicamente o mercado o que regule as diversas actividades socioeconómicas existentes.

## IV.6.7 Medio rural

Para o BNG non é concebíbel unha Galiza de futuro sen un mundo rural vivo. O medio rural é un elemento estratéxico para o desenvolvemento da nosa nación, polo que o BNG impulsará un medio rural forte e unha agricultura ben

dimensionada, que teña como fin primordial a produción de alimentos para a súa sociedade.

As políticas para o medio rural deben ir destinadas a que as persoas que viven no rural, nomeadamente as que traballan no sector agrario, obteñan niveis de renda e se beneficien de servizos que lles permitan vivir dignamente. Ao mesmo tempo, a política agraria ten quen servir para que se aproveiten todas as potencialidades da nosa agricultura e da produción agroalimentaria, avanzando na procura dunha agricultura sustentábel en termos económicos e medio ambientais, xeradora de riqueza e emprego no noso país. Con carácter xenérico, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- BNG defenderá a adaptación de medidas destinadas a conseguir un sistema de prezos de produtos agroalimentares transparente, garantindo a seguranza e estabilidade aos produtores e aos consumidores finais.

- BNG demandará a posta en marcha por parte da administración do Estado, en colaboración coa Xunta de Galiza, de planos de regadíos destinados a aquelas comarcas do noso país con infraestruturas de regadíos. Para elo é preciso un compromiso global da administración do estado coa Xunta de Galiza. Esta colaboración implicará a concesión de autorizacións administrativas de caudal de rega e colaboración económica para infraestruturas.

- Impulsar a mellora dos seguros agrarios, ampliando a gama de riscos cubertos polos mesmos e, no caso das explotacións gandeiras, avanzando no establecemento dun seguro que cubra os riscos de xeito integral.

- BNG demandará que o Estado Español poña fin á súa política de apoio aos Organismos Modificados Xeneticamente, ao tempo que defenderá o dereito da Xunta de Galiza a prohibir as culturas de OMX na Galiza.

**IV.6.7.1 Política agraria e competencias estatais**

Galiza ten competencias exclusivas en materia de agricultura e gandaría, así como en montes e aproveitamentos forestais. Porén, a experiencia mostra que estas competencias veñen condicionándose desde os Gobernos centrais, ao aludir á competencia estatal de coordinación da planificación xeral da actividade económica para regular os máis diversos aspectos da política agraria desde unha perspectiva uniforme para todo o Estado, impedindo adoptar medidas que atendan ás peculiaridades do sector agrario galego.

Na vindeira lexislatura o BNG defenderá que se respecten as facultades que o Goberno galego detente para deseñar un agro galego cun modelo propio, así, o BNG proporá:

- Unha verdadeira descentralización das axudas agrarias, atribuíndo ás CCAA a capacidade no só para xestionar, senón para definir as mesmas en función das particularidades de cada territorio, co fin de adecuar as

medidas de fomento no eido agrario aos diferentes modelos de produción que existen no Estado español.

- Limitar o recurso á normativa básica estatal de regulación dos diferentes subsectores agrarios, dando paso a unha coordinación interinstitucional de carácter bilateral con Galiza.

- A respecto da Lei para o desenvolvemento sustentábel do medio rural, recentemente aprobada polas Cortes Estatais, o BNG demandará que a súa aplicación se adecúe ao marco competencial existente. A actuación do goberno estatal debe limitarse a fixar unhas orientacións comúns para a elaboración de programas polas Comunidades Autónomas. Ademais, o Ministerio de Agricultura debe garantir a dotación financeira acaída para a consecución dos obxectivos marcados na lei.

- Incrementar a capacidade autonómica de definir as medidas de fomento para o sector agrario no seu conxunto, percibindo os recursos económicos do Estado en función de criterios pactados bilateralmente no canto de aplicar uns con carácter homoxéneo a nivel estatal.

- A xestión en exclusiva das medidas de regulación de mercados, coa efectiva asunción das funcións de execución administrativa na materia por parte do organismo pagador da administración galega.

- Completar o traspaso do organismo pagador, coa dotación do medios económicos por parte da Administración central do Estado que non foron ampliados nos últimos anos nos que se incrementaron as competencias exercidas polo mesmo.

- A territorialización íntegra dos fondos comprometidos pola Administración central no Programa de desenvolvemento rural de Galiza.

**IV.6.7.2 O “exame de saúde” da PAC**

A Comisión Europea acaba de presentar un documento de reflexión sobre a PAC no que se bosquexan algunhas propostas de reforma. Estas propostas non só manteñen os elementos centrais da PAC senón que os profundizan nalgúns aspectos (liberalización, redución dos recursos da política de prezos e mercados, desvinculación das axudas da produción) e non contemplan mecanismos que podan reducir substancialmente as desigualdades territoriais xeradas pola PAC. Para o BNG a PAC necesita unha reforma en profundidade mais non a que propón a Comisión.

O BNG defenderá unha política que apoie a agricultura e a gandaría de xeito equilibrado en todas as zonas de Europa, acorde cun aproveitamento racional dos recursos endóxenos e como peza fundamental para garantir a soberanía e a seguranza alimentar de todos os pobos de Europa. No debate aberto no marco do *Exame de Saúde* da PAC, o BNG demandará que o goberno central defenda os seguintes criterios:

- As axudas directas deben vincularse ao mantemento da actividade agraria, aínda que se podan desvincular dunha produción concreta.
- O apoio á renda dos produtores debería avanzar na liña de establecer unha axuda única para toda a UE por unidade de traballo, introducindo de modo

adicional unha modulación en función do tamaño das explotacións e outros criterios (características da zona, apoio a sistemas extensivos,...).
- O necesario incremento dos recursos para o desenvolvemento rural debe basearse nun incremento na dotación orzamentaria da PAC e non na redución dos recursos para axudas directas á renda dos produtores ou doutras medidas da política de prezos e mercados.
- A PAC debe manter instrumentos de mercado eficaces: compras en determinadas circunstancias, axudas ao almacenamento privado, etc., financiados con cargo ao orzamento comunitario e destinados a estabilizar os mercados.
- O *Exame de Saúde* debe servir para pór fin á política de premiar a dedicación de terras a culturas agrícolas enerxéticas.

O *Exame de Saúde* da PAC está condicionado polas negociacións no seo da Organización Mundial do Comercio, neste sentido o BNG demandará que o goberno central se posicione en prol do mantemento de mecanismos que permitan a protección do mercado interno fronte ás importacións e que sirvan para evitar situacións de crise que poden ter un forte impacto social.

### IV.6.7.3 Políticas sectoriais

#### Gandería de carne

O BNG impulsará o establecemento de mecanismos eficaces de control das importacións tanto de animais vivos como de produtos de alimentación, para garantir que estes produtos ofrecen as adecuadas garantías sanitarias.

Ademais, impulsarase o establecemento de criterios para o reparto das primas procedentes das Reservas Estatais que primen ás explotacións que cumpren unha finalidade social e territorial. Con estes obxectivos, así como para evitar a especulación, debe prohibirse a compravenda de dereitos ao cobro de axudas entre particulares naqueles casos nos que permanecen parcial ou totalmente vinculados á produción.

#### Sector Lácteo

Nestes momentos debátese na UE o futuro da OCM de leite e lacticinios e do sistema de cotas lácteas. Neste contexto, varios Estados Membros da UE solicitaron que na campaña 2008/09 se produza un incremento liñal da cota para todos os Estados. Incomprensibelmente, o goberno español sumouse a esta petición, que conta co rexeitamento unánime do sector en Galiza. Os incrementos da cota na UE non deben ser liñais, pois so servirían para seguir reproducindo as desigualdades do actual reparto, senón que deben introducirse criterios sociais no seu reparto, dirixindose a aqueles Estados Membros que teñan unha cota moi inferior ao consumo interno e nos que existan segmentos importantes de explotacións que necesiten máis cota para ser viábeis e que veñan mostrando vocación de permanencia e crecemento no sector.

De producirse un incremento da cantidade asignada ao Estado Español, o BNG defenderá que esta se incorpore integramente á reserva estatal, garantindo a súa distribución con criterios sociais entre as explotacións con vocación de

permanencia e evitando que se distribúa de xeito liñal entre todas as comunidade autónomas.

Para o BNG a reforma da OCM do leite e lacticinios non debería xirar ao redor da eliminación do sistema de cota ou do seu incremento liñal, senón que debería centrarse na redistribución dos dereitos de produción e das axudas directas á renda, ademais deberase manter mecanismos públicos de intervención nos mercados eficaces con cargo ao orzamento comunitario, para dotalos de estabilidade. Para o BNG, o goberno do Estado Español debe posicionarse inequivocamente na defensa da:

- Redistribución dos dereitos de produción entre Estados tendo en conta o balanzo produción/consumo e criterios de carácter social.
- Redistribución das axudas directas na procura dun sistema de axudas directas á renda máis equitativo e que poda ter en conta outros criterios que apoien un modelo de agricultura multifuncional.

Doutra banda, os criterios para a distribución da cota do Plan Lácteo aplicado polo goberno central en 2007 supuxeron un paso atrás ao relegar os obxectivos de carácter social e colocar como prioridade básica evitar os movementos de dereitos de produción entre comunidades autónoma. Este plan mereceu o rexeitamento unánime do sector na Galiza e do propio BNG que defendeu a súa reformulación mediante diversas iniciativas. Neste sentido, o BNG defenderá a modificación no R.D. 1540/2006 para evitar que se territorialice a cota e propoñendo retornar aos criterios do Plan Lácteo do 2005. Mentres isto non se produza, avogaremos porque cando menos o 50% da cota se distribúa gratuitamente a través da reserva estatal, con criterios de carácter social, fundamentalmente o volume de produción.

**Sector da Horta**

O BNG demandará modificacións das normativas estatais no referente ao desenvolvemento da OCM de froitas e hortalizas. A recentemente aprobada OCM que regula as organizacións de produtores de froitas e hortalizas (OPFH), debe permitir, no seu novo regulamento, o recoñecemento de novas OPFH sen as limitacións existentes que inviabilizaron, por restricións exclusivas do Estado Español, que no pasado estas se puidesen constituír en Galiza.

**Sector do Viño**

Galiza só foi receptora do 1% dos fondos estatais da OCM 2000/2007. Estes fondos dedicáronse, no estado, fundamentalmente á destilación de viños de escasa calidade. Logo da aprobación da nova OCM, varios son os aspectos pendentes de concreción polos diversos estados membros.

O BNG demandará un incremento considerábel destes fondos e esixirá, no “menú do envelope estatal” que priorice as medidas de reconversión varietal, a promoción e reforma de estruturas de produción; sobre as medidas de intervención de mercados que xa se manifestaron ineficaces no pasado ciclo. En canto á implantación do sistema de pago único, este debe fixarse tendo en conta non só a superficie vitícola, senón tamén a función social da viticultura en cada territorio, as zonas de viticultura “heroica” (entendida como a viticultura en zonas de difícil orografía), e mesmo a compensación por “débeda histórica”.

**O sector forestal**
O monte representa a maior parte do territorio galego e a produción forestal ocupa unha importante cota desa superficie. Non podemos esquecer que o monte non ten unicamente un papel produtivo senón que é necesario ter en conta o seu papel multifuncional, ao igual que o da propia produción forestal.

O BNG defenderá o recoñecemento das peculiaridades de cada territorio, e que non se limiten as posibilidades de deseñar políticas propias axustadas á nosa realidade, que aposten pola diversificación produtiva, as madeiras de calidade, a posta en valor de superficies infrautilizadas e por un aproveitamento sustentábel. Así mesmo, impulsará as seguintes medidas:

- O goberno central debe comprometerse na loita contra os incendios forestais dirixida pola Xunta de Galiza.
- O BNG promoverá a promulgación dunha regulación específica da fiscalidade dos montes veciñais en man común que teña en conta a función social e ecolóxica que podan desenvolver.
- O BNG demandará que na distribución de fondos por parte do MIMAM para a posta en marcha de planos para o aproveitamento de biomasa de cara a produción enerxética se teña en conta todo o potencial produtivo da Galiza.

## IV.6.8 Pesca

A pesca sempre ocupou un lugar residual dentro da política estatal e europea, feito que se evidencia na inclusión deste sector como un apéndice marxinal do Ministerio de Agricultura, na falta de interese da Unión Europea pola renovación dos convenios pesqueiros con terceiros países, ou mesmo polos criterios discriminatorios utilizados para a distribución de TAC's e cotas en augas da UE ou en organizacións multilaterais de pesca.

A revisión da Política Común de Pesca (2002) non significou unha mudanza da situación de marxinación estrutural da pesca galega desde o ingreso do Estado español no “Mercado Común” (1986). Os buques galegos non teñen acceso a determinados caladoiros ou á captura de determinadas especies, mentres flotas doutros estados da UE si poden facelo.

Porén, pese á situación residual á que se relega á pesca, o Estado español é unha potencia mundial neste sector, tanto por flota como por emprego, sendo Galiza a comunidade mais importante, sexa cal for o indicador utilizado para a comparación. Así, foi a actuación do BNG no Congreso dos Deputados a que permitiu traer ao primeiro plano da actualidade política a problemática do sector pesqueiro e, en particular, a repercusión das distintas políticas na pesca galega.

Ademais, observamos con preocupación a tendencia estatal e comunitaria de invasión de competencias exclusivas do noso país, que converten o propio Estatuto de Autonomía, xa de por si limitado e insuficiente, en auténtico papel mollado. Así, a nosa actuación irá encamiñada a garantir o ámbito competencial galego.

No BNG sabemos da relevancia do complexo mariño-industrial para o desenvolvemento económico de Galiza, é por iso que continuaremos co traballo en defensa do sector pesqueiro no Congreso dos Deputados, defendendo a adopción das seguintes medidas:

- Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE con terceiros países, evitando deste xeito a marxinación política que padece a pesca na UE.
- Xestión exclusiva do novo Fundo Europeo da Pesca (FEP) que lle corresponde a Galiza, esixindo un nivel suficiente que permita acometer a modernización da flota, e modificando os criterios de concesión, permitindo así optar ao incremento da potencia instalada nos motores das embarcacións da flota de baixura e artesanal por motivos de seguranza e calidade de vida.
- Adopción dun convenio entre a Xunta de Galiza e o Goberno Central para a modernización da flota artesanal e de baixura.
- Modificación dos criterios de distribución de subvencións do Estado español en materia de apoio a estruturas pesqueiras e mais de fomento da acuicultura e cultivos mariños, de forma que atendan á dimensión e á importancia socioeconómica da pesca en Galiza.
- Presenza da Xunta de Galiza na Comisión Mixta de Pesca Hispano-Portuguesa.
- Para os mariñeiros embarcados en flota de altura e de largo alcance, estableceranse as seguintes medidas:
    a. Rebaixa das tarifas telefónicas
    b. Elaboración e posta en marcha dun Plano de Asistencia Sanitaria.
    c. Adopción das medidas necesarias para que poidan votar nos diversos procesos electorais.
- Negociación coa Xunta de Galiza e co sector dunha alternativa para a flota do arrastre litoral. En calquera caso, as medidas que eventualmente se adoptaren, en canto a vedas, necesitarán dos correspondentes estudos científicos, integridade do conxunto de artes no seu cumprimento e a avaliación das consecuencias económicas e sociais desta decisión.
- Realización de convenios entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza para a potenciación do marisqueo e dos cultivos mariños.
- Medidas, similares ás emprendidas por outros estados europeos, para paliar o incremento dos prezos dos combustíbeis pesqueiros. Nese contexto, igualación do trato fiscal entre gasóleo e gasolina empregada con fins pesqueiros profesionais.
- Programa específico dirixido á erradicación do uso de dinamita.
- Recoñecemento da singularidade da flota de embarcacións auxiliares da acuicultura (sector mexilloeiro), modificando a normativa vixente en materia de navegación, comunicacións, roles e despachos, seguranza, titulacións, etc.
- Revisión do actual sistema de mostraxes -bioensaio- do mexillón.
- Compensación integral dos prexuízos ocasionados aos mariscadores e mariñeiros polas obras do porto exterior da Coruña.

### IV.6.9.1 Pesca galega en augas comunitarias

O principio de estabilidade relativa foi estabelecido como punto inicial de partida para a formulación da política de xestión de recursos nas augas comunitarias, consagrando o *statu quo* existente, en función das capturas históricas nelas; mais o feito de ter nacido antes da incorporación do Estado Español á Comunidade desvirtúa completamente a súa validez como base regulamentadora dunha política de xestión pesqueira no que atinxe ás capturas. Non é concevíbel que a representación política española admita que a actuación derivada dunha defensa instrumental do principio de estabilidade relativa obre á contra dos dereitos da pesca, e, polo tanto, do país galego. En consecuencia, o BNG:

- Esixirá do Goberno Central que defenda, no Consello de Ministros da Unión Europea e perante a Comisión Europea, a derrogación do principio de estabilidade relativa.
- Propugna unha política de xestión dos recursos pesqueiros que teña en conta como base de partida a capacidade de captura, eficiencia e sostibilidade do recurso en función do sostemento do sector pesqueiro como tal, que se axuste aos seguintes criterios:
- Proporá que as Capturas Totais Admisíbeis (TAC) comunitarias sexan plurianuais, para permitir a planificación empresarial, e mais multiespecíficas, o que permite evitar os descartes que se están a dar cos TACs actuais.
- Coparticipación do sector pesqueiro nos mecanismos de control da pescaría.

### IV.6.9.2 Pesca galega en augas internacionais extracomunitarias e de terceiros estados

O BNG continuará a reclamar a presenza do Goberno galego nas conversas de renovación dos convenios pesqueiros internacionais e a renegociación urxente do novo acordo pesqueiro entre a UE e Marrocos, que permita incrementar o peso da flota pesqueira galega nas súas diversas modalidades. Tamén se levarán a cabo medidas que procuren portos base operativos nos océanos Atlántico (Brasil), Índico e Pacífico para a flota atuneira e espadeira.

Así mesmo, o BNG reclamará do Goberno Central a elaboración dun plano de accións sobre recursos exteriores –fóra dos mares comunitarios–, que conte coa participación das organizacións representativas do sector e que sirva como marco de futuras accións pesqueiras. En tanto este plano non se elaborar, o BNG defenderá a adopción das seguintes medidas:

- Con respecto á flota conxeladora:
    a. Realizar novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO que sustenten a pesca galega a longo prazo e contribúan a revisar as TACs. Estabelecer planos cuadrienais de campañas dirixidas tanto ás especies planas (platuxa, coreano e limanda) como ao fletán negro. Tamén se impulsarán campañas experimentais ou bioeconómicas orientadas á diversificación da actividade, no Atlántico Norte e Sur.
    b. Negociación urxente de novos acordos de pesca para a diversificación da actividade da flota, mantendo o pavillón propio mediante cotas e

licencias, con distintos Estados como Namibia, Sudáfrica, Estados Unidos, Perú, Chile, Arxentina, Angola, etc.

- No relativo á flota bacallaeira:
  a. Ampliación de zonas e cotas de pesca, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, de cara a un incremento de cota polo aumento da poboación no caladoiro. En especial, establecerase un acordo pesqueiro con Rusia e UE.
  b. Mentres non for posíbel o incremento de cotas de captura, estableceranse compensacións económicas para mariñeiros e armadores polo tempo de amarre forzoso, que cubran a protección social e as retribucións salariais.
- Con respecto á flota do peixe-espada, defenderanse medidas que aseguren a súa estabilidade e viabilidade: mantemento de TACs, diversificación da presenza en augas internacionais, control das importacións para evitar a competencia desleal, estabilidade de prezos, renovación da flota, etc.).
- Defensa de medidas que garantan a actividade das actuais empresas mixtas en augas de terceiros países, así como o nivel de emprego de traballadores galegos que faenan nos barcos destas empresas.

### IV.6.9.3 Comercialización

- Ao tempo que seguiremos reclamando a competencia do Goberno galego en todos os portos de Galiza, defenderemos a transferencia das lonxas, instalacións e servizos pesqueiros dos portos galegos de interese xeral á Administración autonómica.
- Control sanitario das importacións para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da Administración galega, en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se ofrece ao consumidor.
- Permitir que na comercialización de produtos pesqueiros, e nomeadamente na normativa de etiquetado obrigatorio, poida figurar "Galiza" como indicación da súa procedencia.

### IV.6.9.4 Investigación pesqueira

O BNG reclamará do Goberno Central a adopción das seguintes medidas:

- Incremento dos fondos destinados á investigación pesqueira, de forma que permita mellorar o coñecemento dos *stocks*, o estudo de novas zonas de pesca e o apoio técnico necesario nas negociacións a nivel internacional.
- Estabelecemento de convenios entre o Goberno central e a Xunta de Galiza para a realización de campañas de investigación pesqueira, para a potenciación do marisqueo e dos cultivos mariños, así como para a realización de programas de repoboación de especies de interese comercial.
- Transferencia do Centro de Formación Ocupacional Marítima de Bamio, hoxe dependente do Instituto Social da Mariña (ISM), e de toda a programación de cursos que realiza este organismo en Galiza.
- Transferencia das competencias en materia de investigación oceanográfica e dos centros do Instituto Español de Oceanografía

situados na Galiza, así como do Centro de Investigacións Mariñas en Vigo.
- Transferencia das competencias en materia de investigación hidrográfica.

**IV.6.9.5 Melloras sociais**

Impulsaremos tamén as seguintes medidas de carácter social:

- Catálogo de doenzas profesionais para aqueles colectivos que aínda non os posúen.
- Accións contra o instrusismo laboral nas redeiras. Cualificación profesional para este colectivo.
- Erradicación de prácticas irregulares na introdución de mariñeiros emigrantes na flota pesqueira galega, velando polo exercicio de garantías de carácter sociolaboral para este colectivo equiparábeis ás existentes para os tripulantes galegos.

# IV.7 POLÍTICA FISCAL E ORZAMENTARIA

## IV.7.1 Sistema fiscal

Os gobernos do Partido Popular puxeron en marcha unha estratexia de contrarreforma fiscal que tivo como obxectivo principal a redución da carga fiscal soportada polas grandes empresas e as persoas con maiores niveis de renda, ao tempo que se trasladou esa carga fiscal para os/as traballadores/as, as pequenas empresas e os autónomos e, en xeral, para os perceptores de rendas máis baixas.

Esta estratexia de configuración dun Sistema Fiscal a cada paso máis regresivo realizouse a través de sucesivas reformas que afectan á práctica totalidade do Sistema Fiscal, entre as que cómpre salientar as reformas do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) aprobadas no anos 1998 e no ano 2002.

A chegada ao Goberno do PSOE non representou ningún cambio substancial con respecto á estrutura deseñada anteriormente polo PP xa que a política fiscal do Goberno de Zapatero caracterizouse sobre todo polo seu continuísmo. Así, no ano 2006 reformouse novamente o IRPF, que supuxo unha redución da presión fiscal sobre todo para as rendas máis altas (redúxose o tipo soamente para o último tramo) e perpetuou o diferente tratamento entre rendas do traballo e do capital. Así mesmo, tamén se reformou o Imposto de Sociedades, que supón unha redución paulatina dos tipos. O único aspecto positivo desta lexislatura foi a aprobación dunha necesaria lei contra o fraude fiscal.

Este proceso de contrarreforma para tornar o sistema fiscal cada vez máis regresivo estase a acelerar nas vésperas destas eleccións xerais, con propostas electorais por parte do PP e PSOE de supresión ou importantes reducións da práctica totalidade dos tributos de carácter directo. As propostas de ambos partidos teñen o mínimo común denominador do seu electoralismo e de camiñar cara unha forte redución da tributación directa, o que supón unha translación da carga fiscal cara a tributación indirecta.

Ademais, estas propostas de reforma afectan a impostos cedidos parcial ou totalmente ás CCAA, porén, nas súas propostas, nin PP nin PSOE explican de que xeito se vai a compensar as perdas na recadación autonómica. Polo tanto, estes anuncios electorais son realizados sen ningún respecto ás capacidades normativas das institucións de ámbito autonómico, posto que, calquera reforma destes tributos debería levar aparellada consigo a pertinente negociación coas CCAA para compensar as posíbeis perdas na recadación.

Baixo as campañas propagandísticas de rebaixa de impostos, agóchase unha estratexia de desmantelamento das funcións redistributivas do sistema fiscal e de traslado das obrigas fiscais das rendas máis altas para o conxunto da sociedade. O BNG entende que o debate sobre o sistema tributario do Estado tense que facer baixo a garantía do mantemento dos principios de equidade e progresividade, entendendo o que o sistema tributario debe ter una función redistribuidora da renda e da riqueza, asumindo un papel activo na corrección de desigualdades. Así mesmo, entendemos que a recadación debe ser suficiente para cubrir un forte e ambicioso Estado do Benestar que garanta o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e aos servizos públicos.

Para as nosas propostas fiscais é preciso ter en conta as seguintes consideracións:

- A presión fiscal no Estado Español é do 36,4% sobre o PIB, por baixo da media da UE-25, que é do 40,9%, e a moita distancia dos países con maior igualdade social e maior desenvolvemento das prestacións sociais e dos servizos públicos, como o caso de Suecia, cunha presión fiscal do 52,1%. Polo tanto, é falso o discurso que nos fala dunha excesiva presión fiscal no Estado Español.

- O gasto en protección social sobre o PIB tamén é menor que a media europea, cuestión indicativa no déficit neste eido a respecto do noso entorno económico e monetario. Polo tanto, o sistema fiscal debe aportar recursos suficientes para incrementar o gasto en protección social para acadar os niveis europeos.

- Na actualidade atopámonos, dentro do Estado Español, cun incremento das diferenzas sociais, así como cunha perda de poder adquisitivo das clases traballadoras, que se volve máis intensa coa forte suba de prezos dos bens de primeira necesidade que se está a producir.

- Os impostos de carácter directo son os máis xustos dende un punto de vista social, xa que son os que mellor adaptan a carga tributaria á riqueza, capacidade de pago e circunstancias persoais dos contribuíntes. Polo tanto, o BNG aposta por un Sistema Fiscal de carácter progresivo sostido principalmente por este tipo de tributos.

- Os impostos directos son máis "visíbeis" para o contribuínte, por exemplo, o cidadán é perfectamente consciente de canto está a pagar no IRPF, a diferenza do IVE, onde o consumidor paga o prezo dun produto sen

“visualizar” que parte desa cantidade corresponde a un imposto. Polo tanto, debido á esa maior “visibilidade”, os impostos directos son máis apropiados para propostas demagóxicas e de carácter electoralista, tal e como están a facer o PP e o PSOE.

Polo tanto, o BNG defenderá as seguintes propostas en materia fiscal:

- No IRPF propoñemos unha reforma que garanta a progresividade da tarifa con tipos máis elevados para os contribuíntes de maior capacidade económica e que equipare a tributación entre rendas do traballo e do capital.

- No imposto de sucesións e doazóns o BNG impulsará a súa reforma para reducir de xeito notábel a presión fiscal entre as sucesións e doazóns de menor contía, así como as transmisións entre familiares máis próximos, nomeadamente entre cónxuxes e pais-fillos e as transmisións de determinados bens como a vivenda habitual e terreos.

- Con respecto ao imposto sobre o patrimonio, impulsarase unha reforma que incremente o mínimo exento, de maneira que os patrimonios máis modestos queden liberados deste tributo, e ao tempo, fomentarase a súa progresividade.

- No Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), impulsarase a redución dos tipos a determinados bens e servizos de primeira necesidade, dentro das marxes que permite a Unión Europea. Así como a aplicación do tipo superreducido do IVE en produtos e servizos culturais.
- Impulso á fiscalidade medioambiental, coa creación de figuras tributarias que graven aos axentes contaminantes en base ás súas emisións. Deste xeito, conseguirase poñer en práctica o principio de que “quen contamina, paga”.
- Reforma do tratamento fiscal dos “montes veciñais en man común” cunha fiscalidade adaptada ás súas características singulares.
- A redución da base impoñíbel do Imposto de Actos Xurídicos Documentados, de xeito que só se integre o importe real da hipoteca e non as garantías adicionais que estabelecen as institucións financeiras para os supostos de impago. Neste imposto tamén proporemos a redución do 90% na constitución de hipotecas para o acceso á primeira vivenda de persoas menores de 35 anos.

- Ampliar o ámbito de aplicación da conta corrente tributaria

## IV.7.2 Política orzamentaria

O BNG realizará as actuacións precisas para que o conxunto das políticas redistributivas da UE e do Estado se fundamenten nun criterio de distribución territorial que teña en conta as carencias e necesidades relativas existentes, a participación relativa poboacional galega, o maior custo relativo de dotación no noso país de todo o tipo de infraestruturas necesarias para o desenvolvemento

económico e social, así como á menor renda por habitante a respecto das medias estatal e comunitaria, facilitando que Galiza sexa capaz de avanzar na converxencia real.

No tocante aos Orzamentos Xerais do Estado, o BNG continuará a impulsar o actual ritmo inversor en infraestruturas en Galiza, non permitindo que este sexa inferior ao 8% da inversión estatal.

Con respecto aos fondos europeos, o BNG defenderá a xestión de estes fondos por parte das Comunidades Autónomas, para deste xeito, poidan cumprir de maneira efectiva ás funcións de redistribución territorial e de cohesión “rexional”, co obxectivo de converxer cos niveis de renda media europea. En concreto impulsaranse as seguintes iniciativas:

- O Fondo Tecnolóxico para o período 2007-2013 deberá ser integramente xestionado polas CCAA
- Impulsaranse modificacións no reparto dos Fondos de Cohesión para que, dunha banda, sexan destinados ás comunidades con menores niveis de renda per cápita do Estado, e doutra banda, sexan as CCAA as que asuman a maior parte da súa xestión.

Ademais, O BNG promoverá unha nova modificación das Leis xeral e complementaria de estabilidade orzamentaria, posto que, se ben nesta lexislatura foron reformadas, aínda seguen a invadir o ámbito de competencias da nosa Autonomía e limitar gravemente a capacidade política e financeira do goberno galego para afrontar os investimentos necesarios para o desenvolvemento económico e social e mais as posibilidades de atender suficientemente ás demandas crecentes de servizos públicos modernos e de calidade por parte da cidadanía galega.

## IV.8 POLÍTICA INTERNACIONAL

O BNG caracterizase pola súa defensa da democracia e a igualdade nas relacións internacionais, da eliminación da pobreza e a promoción dun desenvolvemento solidario e máis equitativo, da paz e a seguridade mundial e do dereito dos pobos a decidir libremente o seu futuro. Por iso, ten especial significado, no actual contexto globalizador, o avanzo do BNG. Este avanzo significa fortalecer os seguintes principios e dereitos:

- O dereito dos pobos a se autogobernaren e a seren donos das súas riquezas.
- O dereito á igualdade de trato e relación entre as nacións.
- A paz, a convivencia e o diálogo como principios reitores da política internacional.

Estes dereitos e principios orientan a nosa traxectoria como forza nacionalista. Os pobos existen e deben ser respectados en calquera construción de carácter supranacional, comezando polos Estados plurinacionais como o español. Só recoñecendo e institucionalizando este carácter se poderán construír unións

maiores entre Estados que sexan democráticas, fundamentadas na diversidade e no respecto polos intereses de todos os pobos que as constitúan. De non ser así, haberá procesos globalizadores, mais non internacionalismo. Isto é, haberá libre circulación de mercadorías e capitais, con subordinación e xerarquía política, cultural e lingüística e desigualdade económica entre os pobos. Será imposíbel un desenvolvemento equilibrado e harmónico entre as distintas nacións e o desequilibrio e a desigualdade medrarán dentro de cada unha delas.

É por isto que o BNG é crítico co proceso de desenvolvemento da Unión Europea, fundamentada só nos Estados que a conforman e cun recoñecemento limitado dos dereitos dos seus cidadáns e das súas cidadás. Non é unha Europa dos pobos, fundamentada na súa libre autodeterminación, nos criterios de benestar social, diversidade cultural e lingüística, igualdade entre nacións e defensa e respecto dos dereitos e liberdades democráticas. Domina a súa configuración o carácter economicista, de mercado, coas xerarquías e desigualdades conseguintes. O noso país, a Galiza, está especialmente condicionado no seu desenvolvemento pola integración do Estado español na UE. Necesitamos outro papel no Estado, o noso recoñecemento institucional coas competencias propias dunha nación, no marco dun Estado plurinacional, para podermos existir na UE e contribuír a unha construción europea realmente democrática. O avanzo do BNG significa, pois, avanzar na democratización do Estado español, para que se adecúe á súa realidade plurinacional, e na configuración dunha UE representativa dos pobos que a constitúen, dos seus intereses e da súa diversidade, non ao servizo dos Estados tal e como están conformados e da transnacionalización da economía coas súas pegadas negativas. Para Galiza non é posíbel unha UE aceptábel sen un Estado español en que ocupemos outro lugar, un Estado plurinacional, democrático, que nos recoñeza como pobo con intereses e dereitos específicos. Até tal extremo a posibilidade dunha construción europea democrática depende das transformacións internas dentro do Estado.

O BNG defendeu, sen ambigüidades, unha posición contraria á guerra e á ocupación do Iraq. Denunciou sempre as mentiras con que se tentou xustificar esta agresión, e defendeu, como así se fixo, a efectiva retirada das tropas españolas de Iraq, e seguirá a defender que se produza, así mesmo, a retirada das tropas españolas de Afganistán e Haití.

Neste contexto, a oposición do BNG aos actuais deseños internacionais impostos polos EEUU ten a ver, ante todo, coa defensa do dereito dos pobos á soberanía, a unhas relacións internacionais baseadas na legalidade e no dereito, ao intercambio en beneficio de todos, ao pacifismo. É a oposición á guerra imperialista e á aplicación duns deseños de control do mundo a través da ocupación de zonas de grande importancia xeoestratéxica e enerxética, como o caso de Oriente Medio. Precisamente, a incapacidade política da Unión Europea e a súa subordinación ás estratexias dos EEUU impide que haxa un deseño de política internacional autónomo, como sería de desexar, que dea sentido á presenza internacional da UE. O nacionalismo galego, nestas circunstancias, ten os seus aliados obxectivos en todos aqueles que defendan os valores democráticos, os dereitos dos pobos, a legalidade internacional,

unha ONU democratizada e a oposición a toda a guerra, sexa ou non preventiva, para controlar o mundo, intimidar os pobos e estabelecer o reino da alegalidade e a tiranía encuberta. O nacionalismo galego rexeita firmemente o pretexto falaz das liberdades democráticas e dos dereitos humanos para xustificar atrocidades como a guerra e a ocupación do Iraq, a guerra e a ocupación de Afganistán, ou os ataques de Israel contra o Líbano e Palestina.

En particular, e tendo en conta a responsabilidade histórica do Estado Español, o BNG demandará que o Goberno se posicione e actúe con respecto á situación do Sahara Occidental, co obxectivo de impulsar o exercicio do dereito de autodeterminación deste pobo.

Resulta máis necesario que nunca o reforzamento e a democratización das Nacións Unidas, inseríndoa no centro dun sistema de institucións internacionais democrático, coherente, responsábel e eficaz. En concreto, democratizando a composición e toma de decisións dos órganos e axencias de Nacións Unidas de forma que se logre o seu funcionamento efectivo e democrático e reformando e incluíndo no seu seo todas as outras organizacións multilaterais globais (FMI, BM, OMC, etc.)

Así mesmo, o BNG impulsará a modificación da política sobre as funcións das Forzas Armadas, no sentido de as limitar á defensa do territorio de ataques exteriores, e evitar a participación e presenza do mesmo operacións militares de agresión a outros países. Así mesmo, esixirá o acordo expreso por maioría cualificada e reforzada das Cortes Xerais para o envío de tropas do Exército ao estranxeiro, sempre e cando existir, ademais, un apoio da Organización de Nacións Unidas baseado nos valores e principios que inspiran a Carta das Nacións Unidas.

En definitiva, a presenza do BNG nas Cortes Xerais é o mellor xeito de garantir que a política internacional no Estado español se oriente á paz, á convivencia entre nacións, desde a defensa da libre determinación dos pobos, o seu dereito a controlar as súas riquezas, nun marco de legalidade baseado na igualdade e na xustiza, non na actuación unilateral, prepotente e agresiva dunha grande potencia.